<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. A excreción en vexetais. Tecidos secretores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Explicar a función de excreción en vexetais e as substancias producidas polos tecidos secretores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.7.1. Recoñece algún exemplo de excreción en vexetais. ▪ BXB5.7.2. Relaciona os tecidos secretores e as substancias que producen. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Funcións de relación nas plantas. Tropismos e nastias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Describir tropismos e nastias, e ilustralos con exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.8.1. Describe e coñece exemplos de tropismos e nastias. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Hormonas vexetais: tipos e funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Definir o proceso de regulación nas plantas mediante hormonas vexetais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.9.1. Valora o proceso de regulación das hormonas vexetais. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Hormonas vexetais: tipos e funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Coñecer e relacionar os tipos de fitohormonas coas súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.10.1. Relaciona as fitohormonas coas súas funcións. 	

■ l ■ j	■ B5.10. Efectos da luz e a temperatura sobre o desenvolvemento das plantas.	■ B5.11. Comprender e diferenciar os efectos da temperatura e da luz no desenvolvemento das plantas.	■ BXB5.11.1. Argumenta os efectos da temperatura e a luz no desenvolvemento das plantas.
■ d ■ l	■ B5.11. Funcións de reprodución en vexetais: tipos de reprodución.	■ B5.12. Entender os mecanismos de reprodución asexual e a reprodución sexual nas plantas.	■ BXB5.12.1. Distingue os mecanismos de reprodución asexual e a reprodución sexual nas plantas.
■ l ■ j	■ B5.12. Ciclos biolóxicos dos principais grupos de plantas.	■ B5.13. Diferenciar os ciclos biolóxicos de briofitas, pteridofitas e espermafitas, e as súas fases e estruturas características.	■ BXB5.13.1. Diferencia os ciclos biolóxicos e briofitas, pteridofitas e espermafitas, e as súas fases e estruturas características.
			■ BXB5.13.2. Interpreta esquemas, debuxos, gráficas e ciclos biolóxicos dos grupos de plantas.
■ l ■ i	■ B5.13. Semente e froito. ■ B5.14. Polinización e fecundación nas espermafitas.	■ B5.14. Entender os procesos de polinización e de dobre fecundación nas espermafitas. Formación da semente e o froito.	■ BXB5.14.1. Explica os procesos de polinización e de fecundación nas espermafitas e diferencia a orixe e as partes da semente e do froito.
■ d ■ l	■ B5.15. Propagación dos froitos e diseminación das sementes. Proceso da xerminación.	■ B5.15. Coñecer e indicar os mecanismos de diseminación das sementes e os tipos de xerminación.	■ BXB5.15.1. Distingue os mecanismos de diseminación das sementes e os tipos de xerminación.
■ i ■ l	■ B5.15. Propagación dos froitos e diseminación das sementes. Proceso da xerminación.	■ B5.16. Coñecer e relacionar as formas de propagación dos froitos.	■ BXB5.16.1. Identifica os mecanismos de propagación dos froitos.
■ i ■ l	■ B5.16. Adaptacións dos vexetais ao medio.	■ B5.17. Recoñecer e relacionar as adaptacións máis características dos vexetais aos medios en que habitan.	■ BXB5.17.1. Relaciona as adaptacións dos vexetais co medio en que se desenvolven.
■ m ■ g	■ B5.17. Aplicacións e experiencias prácticas de anatomía e fisioloxía vexetal.	■ B5.18. Deseñar e realizar experiencias en que se probe a influencia de determinados factores no funcionamento dos vexetais.	■ BXB5.18.1. Realiza experiencias que demostren a intervención de determinados factores no funcionamento das plantas.
Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio			
■ l	■ B6.1. Funcións de nutrición nos animais.	■ B6.1. Comprender e discriminar os conceptos de nutrición heterótrofa e de alimentación.	■ BXB6.1.1. Argumenta as diferenzas máis significativas entre os conceptos de nutrición e alimentación.
			■ BXB6.1.2. Coñece as características da nutrición heterótrofa e distingue os tipos principais.
■ i	■ B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.	■ B6.2. Distinguir os modelos de aparellos dixestivos dos invertebrados.	■ BXB6.2.1. Recoñece e diferencia os aparellos dixestivos dos invertebrados.
■ i	■ B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.	■ B6.3. Distinguir os modelos de aparellos dixestivos dos vertebrados.	■ BXB6.3.1. Recoñece e diferencia os aparellos dixestivos dos vertebrados.
■ l ■ ñ	■ B6.2. Estrutura e función dos aparellos dixestivos e as súas glándulas.	■ B6.4. Diferenciar a estrutura e a función dos órganos do aparello dixestivo e as súas glándulas.	■ BXB6.4.1. Relaciona cada órgano do aparello dixestivo coa súa función.
			■ BXB6.4.2. Describe a absorción no intestino.
■ l	■ B6.3. Aparellos circulatorios. Pigmentos respiratorios nos animais. Linfa.	■ B6. 5. Coñecer e relacionar a importancia de pigmentos respiratorios no transporte de osíxeno.	■ BXB6.5.1. Recoñece e explica a existencia de pigmentos respiratorios nos animais.
■ l ■ e	■ B6.3. Aparellos circulatorios. Pigmentos respiratorios nos animais. Linfa.	■ B6.6. Comprender e describir os conceptos de circulación aberta e pechada, circulación simple e dobre, incompleta ou completa.	■ BXB6.6.1. Relaciona circulación aberta e pechada cos animais que a presentan e explica as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
			■ BXB6.6.2. Asocia representacións sinxelas do aparello circulatorio co tipo de circulación (simple, dobre, incompleta

				ou completa).
▪ l	▪ B6.3. Aparellos circulatorios. Pigmentos respiratorios nos animais. Linfa.	▪ B6.7. Coñecer e relacionar a composición e a función da linfa.	▪ BXB6.7.1. Indica a composición da linfa e identifica as súas principais funcións.	
▪ i	▪ B6.4. Transporte de gases e respiración. Tipos de aparellos respiratorios. Respiración celular.	▪ B6.8. Distinguir respiración celular de respiración (ventilación e intercambio gasoso).	▪ BXB6.8.1. Diferencia respiración celular e respiración, e explica o significado biolóxico de respiración celular.	
▪ l ▪ e	▪ B6.5. Transporte de gases e a respiración. Tipos de aparellos respiratorios. Respiración celular.	▪ B6.9. Coñecer e indicar os tipos de aparellos respiratorios en invertebrados e vertebrados.	▪ BXB6.9.1. Asocia os aparellos respiratorios cos grupos aos que pertencen, e recoñéceos en representacións esquemáticas.	
▪ e	▪ B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretorios en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	▪ B6.10. Definir o concepto de excreción e relacionalo cos obxectivos que persegue.	▪ BXB6.10.1. Define e explica o proceso da excreción. ▪	
▪ e ▪ l	▪ B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretorios en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	▪ B6.11. Enumerar os principais produtos de excreción e sinalar as diferenzas apreciables nos grupos de animais en relación con estes produtos.	▪ BXB6.11.1. Enumera os principais produtos de excreción e clasifica os grupos de animais segundo os produtos de excreción. ▪	
▪ e	▪ B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretorios en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	▪ B6.12. Describir os principais tipos órganos e aparellos excretorios nos distintos grupos de animais.	▪ BXB6.12.1. Describe os principais aparellos excretorios dos animais e recoñece as súas principais estruturas a partir de representación esquemáticas.	
▪ d	▪ B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretorios en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	▪ B6.13. Estudar a estrutura das nefronas e o proceso de formación dos ouriños.	▪ BXB6.13.1. Localiza e identifica as rexións dunha nefrona. ▪ BXB6.13.2. Explica o proceso de formación dos ouriños.	
▪ l	▪ B6.5. Excreción: tipos de aparellos excretorios en invertebrados e vertebrados. Produtos da excreción.	▪ B6.14. Coñecer e relacionar mecanismos específicos ou singulares de excreción en vertebrados.	▪ BXB6.14.1. Identifica os mecanismos específicos ou singulares de excreción dos vertebrados.	
▪ l ▪ e	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.15. Comprender e describir o funcionamento integrado dos sistemas nervioso e hormonal en animais.	▪ BXB6.15.1. Integra a coordinación nerviosa e hormonal, relacionando ambas as dúas funcións.	
▪ i	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.16. Coñecer e identificar os principais compoñentes do sistema nervioso e o seu funcionamento.	▪ BXB6.16.1. Define estímulo, receptor, transmisor, efector. ▪ BXB6.16.2. Identifica distintos tipos de receptores sensoriais e nervios.	
▪ e	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.17. Explicar o mecanismo de transmisión do impulso nervioso.	▪ BXB6.17.1. Explica a transmisión do impulso nervioso na neurona e entre neuronas.	
▪ i	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.18. Identificar os principais tipos de sistemas nerviosos en invertebrados.	▪ BXB6.18.1. Distingue os principais tipos de sistemas nerviosos en invertebrados.	
▪ l	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.19. Diferenciar o desenvolvemento do sistema nervioso en vertebrados.	▪ BXB6.19.1. Identifica os principais sistemas nerviosos de vertebrados.	
▪ e ▪ l	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase. ▪	▪ B6.20. Describir os compoñentes e as funcións do sistema nervioso tanto desde o punto de vista anatómico (SNC e SNP) como desde o funcional (somático e autónomo).	▪ BXB6.20.1. Describe o sistema nervioso central e periférico dos vertebrados, e diferencia as funcións do sistema nervioso somático e o autónomo.	
▪ e ▪ l	▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino.	▪ B6.21. Describir os compoñentes do sistema endócrino e a súa relación co sistema nervioso.	▪ BXB6.21.1. Establece a relación entre o sistema endócrino e o sistema nervioso.	

		Homeostase.		
▪ i		▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.22. Enumerar as glándulas endócrinas en vertebrados, as hormonas que producen e as funcións destas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB6.22.1. Describe as diferenzas entre glándulas endócrinas e exócrinas. ▪ BXB6.22.2. Discrimina a función reguladora e en que lugar se evidencia a actuación dalgunhas das hormonas que actúan no corpo humano. ▪ BXB6.22.3. Relaciona cada glándula endócrina coa hormona ou as hormonas máis importantes que segrega, e explica a súa función de control.
▪ i ▪ j		▪ B6.6. Funcións de relación nos animais. Receptores e efectores. Sistemas nervioso e endócrino. Homeostase.	▪ B6.23. Coñecer e identificar as hormonas e as estruturas que as producen nos principais grupos de invertebrados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB6.23.1. Relaciona as principais hormonas dos invertebrados coa súa función de control. ▪ BXB6.23.2. Identifica o concepto de homeostase e a súa relación co sistema nervioso e endócrino.
▪ e		▪ B6.7. Reprodución nos animais. Tipos de reprodución. Vantaxes e inconvenientes.	▪ B6.24. Definir o concepto de reprodución e diferenciar entre reprodución sexual e asexual. Tipos. Vantaxes e inconvenientes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB6.24.1. Describe as diferenzas entre reprodución asexual e sexual, e argumenta as vantaxes e os inconvenientes de cada unha. ▪ BXB6.24.2. Identifica tipos de reprodución asexual en organismos unicelulares e pluricelulares. ▪ BXB6.24.3. Distingue os tipos de reprodución sexual.
▪ e		▪ B6.8. Gametoxénese.	▪ B6.25. Describir os procesos da gametoxénese.	▪ BXB6.25.1. Distingue e compara o proceso de espermatoxénese e ovoxénese.
▪ l		▪ B6.9. Fecundación e desenvolvemento embrionario.	▪ B6.26. Coñecer e relacionar os tipos de fecundación en animais e as súas etapas.	▪ BXB6.26.1. Diferencia os tipos de fecundación en animais e as súas etapas.
▪ e		▪ B6.9. Fecundación e desenvolvemento embrionario.	▪ B6.27. Describir as fases do desenvolvemento embrionario.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB6.27.1. Identifica as fases do desenvolvemento embrionario e os acontecementos característicos de cada unha. ▪ BXB6.27.2. Relaciona os tipos de ovos cos procesos de segmentación e gastrulación durante o desenvolvemento embrionario.
▪ d		▪ B6.10. Ciclos biolóxicos máis característicos dos animais.	▪ B6. 28. Analizar os ciclos biolóxicos dos animais.	▪ BXB6.28.1. Identifica as fases dos ciclos biolóxicos dos animais.
▪ l ▪ j		▪ B6.11. Adaptacións dos animais ao medio.	▪ B6.29. Recoñecer e relacionar as adaptacións máis características dos animais aos medios en que habitan.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB6.29.1. Identifica as adaptacións animais aos medios aéreos. ▪ BXB6.29.2. Identifica as adaptacións animais aos medios acuáticos. ▪ BXB6.29.3. Identifica as adaptacións animais aos medios terrestres.
▪ m ▪ g		▪ B6.12. Aplicacións e experiencias prácticas de anatomía e fisioloxía animal.	▪ B6.30. Realizar experiencias de fisioloxía e anatomía animal.	▪ BXB6.30.1. Describe e realiza experiencias de fisioloxía e anatomía animal.
3ª EVALUACIÓN Bloque 7. Estrutura e composición da Terra				
▪ i ▪ j		▪ B7.1. Análise e interpretación dos métodos de estudo da Terra.	▪ B7.1. Interpretar os métodos de estudo da Terra e identificar as súas achegas e as súas limitacións.	▪ BXB7.1.1. Caracteriza os métodos de estudo da Terra sobre a base dos procedementos que utiliza e as súas achegas e limitacións.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Estrutura do interior terrestre: capas que se diferencian en función da súa composición e da súa mecánica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Identificar as capas que conforman o interior do planeta de acordo coa súa composición, diferencialas das que se establecen en función da súa mecánica, e marcar as discontinuidades e as zonas de transición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB7.2.1. Resume a estrutura e composición do interior terrestre, distinguindo as súas capas en función da súa composición e da súa mecánica, así como as discontinuidades e as zonas de transición entre elas. ▪ BXB7.2.2. Sitúa en mapas e esquemas as capas da Terra, e identifica as discontinuidades que permiten diferencialas. ▪ BXB7.2.3. Analiza o modelo xeoquímico e xeodinámico da Terra e contrasta o que chega cada un deles ao coñecemento da estrutura da Terra.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Dinámica litosférica. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Precisar os procesos que condicionan a estrutura actual terrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB7.3.1. Detalla e enumera procesos que deron lugar á estrutura actual do planeta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Evolución das teorías desde a deriva continental ata a tectónica de placas. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Comprender e diferenciar a teoría da deriva continental de Wegener e a súa relevancia para o desenvolvemento da teoría da tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB7.4.1. Indica as achegas máis relevantes da deriva continental, para o desenvolvemento da teoría da Tectónica de placas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Evolución das teorías desde a deriva continental ata a tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Clasificar os bordos de placas litosféricas e sinalar os procesos que acontecen entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB7.5.1. Identifica os tipos de bordos de placas e explica os fenómenos asociados a eles.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Achegas das novas tecnoloxías na investigación do noso planeta. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.6. Aplicar os avances das novas tecnoloxías na investigación xeolóxica. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB7.6.1. Distingue métodos desenvolvidos grazas ás novas tecnoloxías, asociándoos coa investigación dun fenómeno natural.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.6. Minerais e rochas: conceptos. Clasificación xenética das rochas. ▪ B7.7. Observación de coleccións de minerais e rochas. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.8. Recoñecemento e identificación de minerais e rochas frecuentes en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.7. Seleccionar e identificar os minerais e os tipos de rochas máis frecuentes, nomeadamente os utilizados en edificios, monumentos e outras aplicacións de interese social ou industrial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB7.7.1. Identifica as aplicacións de interese social ou industrial de determinados tipos de minerais e rochas.
<p>Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Relacionar o magmatismo e a tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB8.1.1. Explica a relación entre o magmatismo e a tectónica de placas, e coñece as estruturas resultantes da localización dos magmas en profundidade e en superficie.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Categorizar os tipos de magmas sobre a base da súa composición e distinguir os factores que inflúen no magmatismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB8.2.1. Discrimina os factores que determinan os tipos de magmas, e clasifícaos atendendo á súa composición.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.3. Recoñecer e relacionar a utilidade das rochas magmáticas analizando as súas características, os seus tipos e as súas utilidades. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB8.3.1. Diferencia os tipos de rochas magmáticas, identifica as máis frecuentes, con axuda de claves, e relaciona a súa textura co seu proceso de formación.
<ul style="list-style-type: none"> l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.1. Magmatismo. Clasificación das rochas magmáticas. Rochas magmáticas de interese. O magmatismo na tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.4. Establecer as diferenzas de actividade volcánica, asociándoas ao tipo de magma. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB8.4.1. Relaciona os tipos de actividade volcánica coas características do magma, e diferencia os produtos emitidos nunha erupción volcánica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.2. Riscos xeolóxicos: vulcanismo e sismicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B8.5. Diferenciar os riscos xeolóxicos derivados dos procesos internos. Vulcanismo e sismicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB8.5.1. Analiza os riscos xeolóxicos derivados dos procesos internos. Vulcanismo e sismicidade.

■ e	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.3. Metamorfismo: procesos metamórficos. Físicoquímica do metamorfismo; tipos de metamorfismo. Clasificación das rochas metamórficas. O metamorfismo na Tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.6. Detallar o proceso de metamorfismo e relacionar os factores que lle afectan cos seus tipos. <ul style="list-style-type: none"> ■ 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.6.1. Clasifica o metamorfismo en función dos factores que o condicionan.
■ d	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.3. Metamorfismo: procesos metamórficos. Físicoquímica do metamorfismo; tipos de metamorfismo. Clasificación das rochas metamórficas. O metamorfismo na Tectónica de placas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.7. Identificar rochas metamórficas a partir das súas características e das súas utilidades. <ul style="list-style-type: none"> ■ 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.7.1. Ordena e clasifica as rochas metamórficas máis frecuentes da codia terrestre, relacionando a súa textura co tipo de metamorfismo experimentado.
■ i	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.4. Procesos sedimentarios. Facies sedimentarias: identificación e interpretación. Clasificación e xénese das principais rochas sedimentarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.8. Relacionar estruturas sedimentarias e ambientes sedimentarios. <ul style="list-style-type: none"> ■ 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.8.1. Detalla e discrimina as fases do proceso de formación dunha rocha sedimentaria
■ e	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.4. Procesos sedimentarios. Facies sedimentarias: identificación e interpretación. Clasificación e xénese das principais rochas sedimentarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.9. Explicar a diaxénese e as súas fases. <ul style="list-style-type: none"> ■ 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.9.1. Describe as fases da diaxénese. <ul style="list-style-type: none"> ■
■ i ■ l	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.4. Procesos sedimentarios. Facies sedimentarias: identificación e interpretación. Clasificación e xénese das principais rochas sedimentarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.10. Clasificar as rochas sedimentarias aplicando como criterio as súas distintas orixes. <ul style="list-style-type: none"> ■ 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.10.1. Ordena e clasifica segundo a súa orixe as rochas sedimentarias máis frecuentes da codia terrestre.
■ l	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.5. A deformación en relación á tectónica de placas. Comportamento mecánico das rochas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.11. Analizar os tipos de deformación que experimentan as rochas, establecendo a súa relación cos esforzos a que se ven sometidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.11.1. Asocia os tipos de deformación tectónica cos esforzos aos que se someten as rochas e coas propiedades destas.
			<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.11.2. Relaciona os tipos de estruturas xeolóxicas coa tectónica de placas.
■ m ■ g	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.6. Tipos de deformación: dobras e fallas. ■ B8.7. Técnicas para a identificación de distintos tipos de rochas. ■ B8.8. Construción de modelos onde se representen os principais tipos de pregamentos e fallas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B8.12. Representar os elementos dunha dobra e dunha falla. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.12.1. Distingue os elementos dunha dobra e clasifícaos atendendo a diferentes criterios. <ul style="list-style-type: none"> ■
			<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB8.12.2. Recoñece e clasifica os tipos de falla, identificando os elementos que a constitúen.
Bloque 9. Historia da Terra			
■ m ■ l	<ul style="list-style-type: none"> ■ B9.1. Estratigrafía: concepto e obxectivos. Principios. Definición de estrato. ■ B9.2. Interpretación e realización de mapas topográficos e cortes xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B9.1. Deducir a existencia de estruturas xeolóxicas e a súa relación co relevo, a partir de mapas topográficos e cortes xeolóxicos dunha zona determinada. <ul style="list-style-type: none"> ■ 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB9.1.1. Interpreta e realiza mapas topográficos e cortes xeolóxicos sinxelos. <ul style="list-style-type: none"> ■
■ l ■ e	<ul style="list-style-type: none"> ■ B9.3. Datacións relativas e absolutas: estudo de cortes xeolóxicos sinxelos. Grandes divisións xeolóxicas: Táboa do tempo xeolóxico. Principais acontecementos na historia xeolóxica da Terra. Oroxenias. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B9.2. Aplicar criterios cronolóxicos para a datación relativa de formacións xeolóxicas e deformacións localizadas nun corte xeolóxico. Describir as grandes divisións do tempo en xeoloxía. Oroxenias e grandes acontecementos xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB9.2.1. Interpreta cortes xeolóxicos e determina a antigüidade dos seu estratos, as discordancias e a historia xeolóxica da rexión, e identifica os grandes acontecementos xeolóxicos ocorridos e as oroxenias.
■ d ■ l ■ p	<ul style="list-style-type: none"> ■ B9.4. Extincións masivas e as súas causas naturais. ■ B9.5. Estudo e recoñecemento de 	<ul style="list-style-type: none"> ■ B9.3. Interpretar o proceso de fosilización e os cambios que se producen. Analizar as causas da extinción das especies. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ BXB9.3.1. Categoriza os principais fósiles guía e valora a súa importancia para o establecemento da historia

7.5.3 Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

Materials e recursos didácticos.

A metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación; tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

CRITERIOS METODOLÓXICOS

- Adaptación ás características do alumnado de Bacharelato, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula
- Motivación: espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinariaidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos de Bioloxía e Xeoloxía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

ESTRATEGIAS DIDÁCTICAS: estratexias expositivas e de indagación.

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS:

- Actividades de ensinanza-aprendizaxe.
- Actividades de aplicación dos contidos teóricos á realidade e ao ámbito do alumnado.
- Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade...

Suxerimos a utilización dos materiais seguintes:

- **Libro do alumno** para 1.º de Bioloxía e Xeoloxía de Bacharelato.
- **Web do alumno** para 1.º de Bioloxía e Xeoloxía de Bacharelato. Con recursos xerais (Glosario, Biblioteca de animacións sobre a célula e a división celular, A clasificación dos seres vivos, Os parques nacionais, Guía de minerais, Guía de rochas, Biblioteca de animacións sobre a tectónica de placas, Eixe cronolóxico da historia da vida), recursos para cada unidade

(contidos de repaso, actividades, proxectos de traballo, vídeos, animacións e presentacións, autoavaliacións, comentarios de textos científicos, técnicas de laboratorio e resumos) e enlaces a programas para xerar contidos.

- **Web do profesorado** para 1.º de Bioloxía e Xeoloxía de Bacharelato. Con todos os recursos incluídos na web do alumno e recursos expresamente destinados aos docentes, como o solucionario de todas as actividades propostas no libro do alumno, mapas conceptuais para cada unidade, bibliografía comentada, enderezos de Internet comentados e diversas ferramentas dixitais para o exercicio da actividade docente.

7.5.4 Procedemento para a avaliación inicial.

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos; para iso, é necesario diversificar as ferramentas de avaliación e programar tempos e espazos na aula.

No proceso de avaliación inicial debemos identificar:

- A dificultade do alumno para entender os contidos.
- Si o alumno exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.
- Si o alumno resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
- Precisión nas respostas. Contén todos os aspectos importantes do tema ou temas, expostos de forma clara e ordenada
- Presenta todos os aspectos importantes dos contidos
- O exercicio escrito adáptase á extensión esixida, Trátase o contido que se pediu.

Como actividades de **detección de coñecementos previos** suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas coa lingua propia do alumno ou supervivencia nela.

7.5.5 Procedemento de avaliación continua.

En canto ao «formato» das actividades, pódense utilizar as seguintes:

- Actividades de composición.
- Actividades de libro aberto.
- Actividades orais.
- Rúbricas.
- Probas obxectivas tipo test.
- Probas obxectivas escritas: cuestións nas que hai que xustificar as respostas ou/e resolución de exercicios e problemas.
- Traballo de investigación, caderno da clase, rúbricas, dianas, etc.
- O cuadernillo de laboratorio que se elaborará ao longo de todo ano. De non telo haberá exames de prácticas. É necesario para aprobar a materia.

Cada instrumento de avaliación debe ter distinto peso á hora da cualificación final, para o que haberá que valorar dos devanditos instrumentos a súa fiabilidade, obxectividade, representatividade, a súa adecuación ao contexto do alumnado, etc.

- **Probas escritas:** 90% da nota

- **Actitud, comportamento, traballos voluntarios, cuaderno de clase, asistencia:** 10% de la nota.

- Se realizarán 2 probas escritas por avaliación. A nota de cada avaliación será a nota media aritmética das probas sempre que se teña en cada proba 3,5 ou máis nota.

- Se un alumno copia nos exámenes supón ter un 0 na proba e terá que facer a recuperación desa avaliación.

- Cando un alumno falta ao 1º parcial da avaliación, xustificadamente ou non, fará o examen desa parte co segundo parcial.

7.5.6 Procedemento de avaliación extraordinaria (ESO e BAC)

O ALUMNO DEBERÁ:

- Explicar as características que definen os seres vivos: complexidade, nutrición, relación e reprodución, e coñecer os principais niveis de organización abióticos e bióticos.
- Definir bioelemento, oligoelemento e biomolécula; clasificar os bioelementos en primarios, secundarios e oligoelementos, e coñecer as características do átomo de carbono.
- Explicar a estrutura da auga, relacionar as súas propiedades fisicoquímicas coas súas funcións biolóxicas, e coñecer as formas nas que se encontran os sales minerais nos seres vivos e as súas funcións biolóxicas.
- Coñecer os principais glúcidos, a súa composición, as súas estruturas, as súas funcións biolóxicas e a súa clasificación, e esquematizar un enlace O-glicosídico.
- Coñecer os principais lípidos e ácidos graxos, a súa composición, as súas estruturas, as súas funcións biolóxicas e a súa clasificación, e esquematizar a esterificación dun triglicérido.
- Distinguir os aminoácidos como compoñentes básicos das proteínas; coñecer a composición, estruturas, funcións biolóxicas, especialmente a enzimática, e clasificación destas, e esquematizar o enlace peptídico.
- Distinguir os nucleótidos como compoñentes básicos dos ácidos nucleicos, esquematizar a fórmula dun nucleótido e do enlace fosfodiéster, e explicar a estrutura de dobre hélice do ADN e dos distintos tipos de ARN.
- Establecer as diferenzas entre os distintos tipos de células e represéntalas esquematicamente.
- Definir metabolismo e explicar as características do anabolismo e do catabolismo e a función dos intermediarios metabólicos; establecer as diferenzas entre a respiración aerobia e a fermentación, explicar como se leva a cabo a fotosíntese e describir as etapas de cada proceso. Expoñer as razóns que puideron dar lugar a que algúns organismos se convertesen en seres pluricelulares, explicar a diferenciación celular e distingue as distintas formas de organización
- Diferenciar as distintas formas de organización pluricelular. Explicar qué son virus, plásmidos, viroides e prións.
- Clasificar e describir os tecidos meristemáticos e os tecidos parenquimáticos, sinalar as características das súas células, a súa situación e a súa función na planta.

- Clasificar e describir os tecidos de soporte e os tecidos secretores, e indicar as características das súas células, a súa situación e a súa función na planta.
- Clasificar e describir os tecidos protectores e os tecidos condutores, e indicar as características das súas células, a súa situación e a súa función na planta.
- Clasificar os principais tipos de tecidos epiteliais, e sinalar as súas características, a súa función e a súa localización no organismo.
- Clasificar os principais tipos de tecidos epiteliais, e sinalar as súas características, a súa función e a súa localización no organismo.
- Enumerar as características do tecido óseo; sinalar a súa composición, a súa función e a súa localización, e indicar as variedades que existen.
- Describir as características morfolóxicas e funcionais do tecido sanguíneo.
- Explicar as características morfolóxicas e funcionais do tecido muscular e sinalar as diferenzas entre os distintos tipos de tecidos musculares.
- Explicar as características do tecido nervioso e describe os diferentes tipos celulares que o forman.
- Definir ciclo biolóxico, distinguir as fases dun ciclo vital e coñecer os tipos de reprodución que presentan os seres vivos.
- Diferenciar os tipos de reprodución asexual e explicar as fases do ciclo celular e da mitose.
- Explicar as fases da reprodución sexual, os ciclos biolóxicos e entender a necesidade da meiose no mantemento da constancia numérica dos cromosomas.
- Valorar a importancia do coñecemento científico sobre o mecanismo da reprodución sexual para evitar enfermidades.
- Relacionar os seguintes autores coas súas achegas á fundamentación do evolucionismo: Jean-Baptiste Lamarck, Charles Darwin, Alfred Wallace, Stanley Miller e Lynn Margulis.
- Definir biodiversidade segundo a Conferencia de Río de Xaneiro de 1992
- Explicar que é o catastrofismo e indica dous autores que defendan as ideas fixistas; define evolución e cita dous autores evolucionistas. Indicar os principios mediante os cales actúa a selección natural. Explicar qué é a teoría sintética e expón algunhas achegas desta teoría ao evolucionismo. Definir especiación e cita algún mecanismo que favoreza ou induza a aparición de novas especies.
- Definir bioma e sitúar sobre un mapa os principais biomas terrestres. Realizar unha táboa na que expón de modo comparativo as características xerais da vexetación e da fauna dos principais ecosistemas (deserto polar, tundra, taiga, bosque caducifolio, bosque mediterráneo, estepa, deserto, sabana, selva tropical, etc.). Definir bioxeografía e rexión bioxeográfica.
- Realizar unha táboa comparativa na que se expoñan as características xerais, fauna e flora máis relevantes dos principais ecosistemas terrestres españois (alta montaña, clima oceánico, clima mediterráneo, illas Canarias).
- Realizar unha táboa comparativa na que se expoñan as características xerais, fauna e flora máis relevantes dos principais ecosistemas acuáticos españois (bosques de ribeira, zonas húmidas e litoral).
- Definir endemismo e pon polo menos tres exemplos diferentes de endemismos vexetais e tres animais en España.
- Explicar os principais factores causantes de perda de biodiversidade.
- Sinalar os sistemas de clasificación que se poden utilizar para agrupar os seres vivos e explica os conceptos de taxon, especie e sistema binomial de nomenclatura.
- Indicar as características máis importantes do reino moneras e os principais grupos que se diferencian nel.

- Indicar as principais características do reino protocistas, enumera os principais grupos que se diferencian nel e sinala as súas características máis importantes.
- Describir as características principais do reino fungos e indicar os principais grupos que se diferencian e as súas características.
- Enumerar as principais características do reino das plantas e sinalar os grupos máis importantes que se diferencian nel e as características máis destacadas.
- Explicar as características máis importantes do reino dos animais e dos seus principais filos. Utilizar claves dicotómicas para clasificar e identificar distintos tipos de organismos.
- Describir as diferenzas entre o tipo de nutrición das briófitas e das cormófitas, e enumerar as distintas etapas que teñen lugar na nutrición das cormófitas.
- Explicar os procesos de absorción da auga e dos sales minerais polas plantas. Identificar e describir os procesos fisiolóxicos que se producen nas plantas para que circule o zume bruto e o zume elaborado. Enumerar as substancias gasosas que necesitan as plantas e explicar os seus mecanismos de absorción.
- Coñecer as características das hormonas e os procesos nos que interveñen. Comprender como se producen as respostas dos vexetais ante os estímulos e coñecer a importancia da fotoperiodicidade.
- Explicar as características da reprodución nas briófitas e identificar e esquematizar o seu ciclo reprodutor.
- Explicar as características da reprodución nas pteridófitas e identificar e esquematiza o seu ciclo reprodutor. Identificar os distintos compoñentes dunha flor. Describir en que consisten a polinización e a fecundación. Explicar como se forma o embrión, a semente e o froito, e o proceso da xerminación.
- Coñecer os procesos implicados na nutrición animal: superficies de intercambio e proceso da nutrición, así como a evolución das estruturas dixestivas nos invertebrados.
- Coñecer as partes do aparato dixestivo dos vertebrados e as etapas que caracterizan o proceso dixestivo.
- Distinguir a difusión simple, a respiración cutánea, traqueal e branquial así como a evolución destes sistemas nos diferentes grupos de animais. Explicar a respiración pulmonar e coñecer as etapas que caracterizan cada un dos seus procesos.
- Coñecer os elementos anatómicos do sistema circulatorio, así como o funcionamento do órgano impulsor nos mamíferos. Distinguir os diferentes modelos de sistemas de circulación e as características dos sistemas circulatorios en invertebrados e vertebrados.
- Distinguir as principais substancias que excretan os animais e os diferentes órganos excretores dos invertebrados. Explicar os órganos excretores dos vertebrados e a formación dos ouriños.
- Asimilar os conceptos de estímulo, receptor e efector, e distinguir os distintos tipos de receptores sensoriais. Comprender a transmisión da información no sistema nervioso. Comparar os sistemas nerviosos dos principais grupos de invertebrados. Coñecer o sistema nervioso dos vertebrados: organización e funcionamento.
- Describir o sistema de coordinación endócrino nos animais, establecer as diferenzas entre o de vertebrados e invertebrados e enumerar as aplicacións derivadas do coñecemento das hormonas.
- Comprender as diferentes modalidades de reprodución que xurdiron ao longo da evolución. Identificar os principais elementos anatómicos do aparato reprodutor feminino e masculino, describir as partes principais do óvulo e do espermatozoide e coñecer as etapas da gametoxénese masculina e feminina.
- Explicar o mecanismo da fecundación e os seus diferentes tipos. Comprender e explicar as características do desenvolvemento embrionario e os diferentes desenvolvementos

do período postembrionario. . Distinguir diferentes técnicas de reprodución asistida e os diferentes métodos anticonceptivos.

- Comparar as hipóteses catastrofistas e nebulares. . Describir os principais métodos de investigación do interior terrestre. Explicar os modelos estruturais da Terra para comprender o comportamento físico do noso planeta.
- Definir mineral e cristal e coñecer os principais procesos de formación dos minerais, as súas propiedades, clasificación e aplicacións.
- Revisar as principais hipóteses oroxénicas e analizar as hipóteses da deriva continental e da expansión do fondo oceánico como precursoras da teoría da tectónica de placas.
- Coñecer os puntos fundamentais da teoría da tectónica de placas e diferenciar os tipos de movementos relativos entre as placas. Explicar os diferentes modelos sobre o mecanismo impulsor que move as placas e unha das consecuencias da súa dinámica.
- Coñecer os tipos de deformación da litosfera. Explicar o concepto de magma e comprender a súa formación, evolución e tipos. Coñecer os tipos de rochas magmáticas e a actividade magmática, plutónica e volcánica.
- Explicar o concepto de metamorfismo, os factores que o motivan, os seus efectos e tipos. Distinguir as principais rochas metamórficas. Coñecer os principais depósitos magmáticos e metamórficos.
- Coñecer que é a meteorización e os seus diferentes tipos. Explicar que é o solo e cal é a súa composición; comprender como ten lugar a formación do solo e coñecer os factores que inflúen neste proceso.
- Coñecer os procesos xeolóxicos de erosión, transporte e sedimentación, quen os realiza e como se producen.
- Comprender os procesos de formación das rochas sedimentarias e coñecer a súa clasificación.
- Entender como se forman os estratos, a importancia que teñen para o coñecemento da historia xeolóxica dunha zona e coñecer os principios que utiliza a estratigrafía. Comprender o proceso de fosilización, entender os principios dos métodos de datación e coñecer as distintas unidades nas que se divide a historia xeolóxica da Terra.

7.5.7 Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes (ESO e BAC).

- A avaliación das materias pendentes farase en base os contidos mínimos e realizarase un seguimento das actividades propostas para cada tema.

O longo do curso realizaranse dúas probas escritas, con carácter eliminatorio, na convocatoria de xuño. Na convocatoria extraordinaria, a proba escrita será a mesma cos alumnos de 1º de bacharelato non pendentes.

A cualificación final constará dun 80% da nota das probas escritas e un 20% dos traballos propostos.

7.5.8 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

- Planificación:
 - Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas, o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.

- Selecciona e secuencía de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
- Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
- Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
 - Motivación do alumnado:
- Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
- Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
- Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
- Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas
- Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
- Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
- Promove a reflexión dos temas tratados
 - Dersenvolvemento do ensino:
- Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
- Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos
- Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
- Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula
- Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
- Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas
- Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
 - Seguemento e evolución do proceso ensino-aprendizaxe
- Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
- Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
- Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
- Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
- Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes
- Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos
- Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
- Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia
- Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
- Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

7.5.9 Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas ao finalizar cada unidade didáctica mediante unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Farase uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

Aspectos que hai que avaliar	Hai que destacar	Hai que mellorar	Propostas de mellora persoal
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			

7.6 1º BACHARELATO. CULTURA CIENTÍFICA

7.6.1 Introducción e contextualización.

No Bacharelato, a materia de Cultura Científica amplía e afonda nos coñecementos adquiridos en cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria, analizando con maior detalle a formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances biomédicos e, por último, un bloque dedicado ao relacionado coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- Pártese da formación da Terra ata chegar á orixe da vida. Avánzase no campo da xenética para rematar a parte relativa á Bioloxía e a Xeoloxía cos avances en biomedicina.
- Déixanse as dúas últimas unidades para abordar os contidos relativos ás tecnoloxías da información e a comunicación.

7.6.2 Obxectivos e vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
1ª EVALUACIÓN			
1ª Tema 1.- A TERRA			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Proxecto xenoma: repercusións sociais e valoracións éticas da manipulación xenética e das novas terapias xénicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Analizar os progresos no coñecemento do xenoma humano e a súa influencia nos novos tratamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.9.1. Recoñece e indica os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética, e valora as súas implicacións éticas e sociais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Xenética mendeliana. Teoría cromosómica da herdanza. Determinismo do sexo e herdanza ligada ao sexo e influída polo sexo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas, e establecer a relación entre as proporcións da descendencia e a información xenética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.10.1. Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana, os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Evidencias do proceso evolutivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Diferenciar evidencias do proceso evolutivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.11.1. Argumenta evidencias que demostran o feito evolutivo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Darwinismo e neodarwinismo: teoría sintética da evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Recoñecer e diferenciar os principios da teoría darwinista e neodarwinista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.12.1. Identifica os principios da teoría darwinista e neodarwinista, e compara as súas diferenzas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Relacionar o xenotipo e as frecuencias xénicas coa xenética de poboacións e a súa influencia na evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.13.1. Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas. ▪ BB3.13.2. Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. A mutación e a recombinación xénica como procesos que xeran cambios e adaptacións. Principios da selección natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Recoñecer e indicar a importancia da mutación e a recombinación como motores da evolución. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.14.1. Ilustra a relación entre mutación e recombinación, o aumento da diversidade e a súa influencia na evolución dos seres vivos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.18. Evolución e biodiversidade. ▪ B3.19. Proceso de especiación. Modelos de especiación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Analizar os factores que incrementan a biodiversidade e a súa influencia no proceso de especiación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB3.15.1. Distingue tipos de especiación e identifica os factores que posibilitan a segregación dunha especie orixinal en dúas especies diferentes.
Bloque 4. O mundo dos microorganismos e súas aplicacións. Biotecnoloxía			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Microbioloxía. Concepto de microorganismo. Microorganismos con organización celular e sen ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Diferenciar os tipos de microorganismos en función da súa organización celular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB4.1.1. Clasifica os microorganismos no grupo taxonómico ao que pertencen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Virus, outras formas acelulares e partículas infectivas subvirais. Bacterias. Fungos microscópicos. Protozoos. Algas microscópicas. ▪ B4.3. Observación microscópica de protozoos, algas e fungos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Describir as características estruturais e funcionais dos grupos de microorganismos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB4.2.1. Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relaciónaas coa súa función. <ul style="list-style-type: none"> ▪
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización. ▪ B4.5. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Identificar os métodos de illamento, cultivo e esterilización dos microorganismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB4.3.1. Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Microorganismos nos ciclos xeoquímicos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Valorar a importancia dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB4.4.1. Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Microorganismos como axentes produtores de doenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Recoñecer e numerar as doenzas máis frecuentes transmitidas polos microorganismos, utilizando o vocabulario axeitado relacionado con elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB4.5.1. Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ g ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ºB4.8. Biotecnoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por biotecnoloxía. ▪ B4.9. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Avaliar as aplicacións da biotecnoloxía e a microbioloxía na industria alimentaria e farmacéutica, e na mellora do medio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB4.6.1. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións ▪ BB4.6.2. Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial. ▪ BB4.6.3. Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio.
Bloque 5. O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Concepto actual de inmunidade. Sistema 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Desenvolver o concepto actual de inmunidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.1.1. Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ b 	<p>inmunitario. Defensas internas inespecíficas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<p>e identifica os tipos de resposta inmunitaria.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Inmunityde específica: características e tipos (celular e humoral). Células responsables. ▪ B5.3. Identificación de células inmunitarias mediante a súa observación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Distinguir inmunityde inespecífica e específica, así como as súas células respectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.2.1. Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mecanismo de acción da resposta inmunitaria. Memoria inmunolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Discriminar resposta inmune primaria e secundaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.3.1. Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Antíxenos e anticorpos. Estrutura dos anticorpos. Formas de acción. A súa función na resposta inmune. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Definir os conceptos de antíxeno e anticorpo, e identificar a estrutura dos anticorpos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.4.1. Define os conceptos de antíxeno e de anticorpo, e recoñece a estrutura e a composición química dos anticorpos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Reacción antíxeno-anticorpo: tipos e características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Diferenciar os tipos de reacción antíxeno-anticorpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.5.1. Clasifica os tipos de reacción antíxeno-anticorpo e resume as características de cada un.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Inmunityde natural e artificial ou adquirida. Soros e vacinas. A súa importancia na loita contra as doenzas infecciosas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Diferenciar inmunityde natural e artificial, e soro e vacina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.6.1. Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Disfuncións e deficiencias do sistema inmunitario. Alerxias e inmunodeficiencias. ▪ B5.9. Sistema inmunitario e cancro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Investigar a relación entre as disfuncións do sistema inmune e algunhas patoloxías frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.7.1. Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ g ▪ a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. A SIDA e os seus efectos no sistema inmunitario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Analizar e describir o ciclo do virus do VIH. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.8.1. Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.11. Doenzas autoinmunes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Describir o proceso de autoinmunityde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.9.1. Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ a ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.12. Anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética. ▪ B5.13. Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Argumentar e valorar os avances da inmunoloxía e a enxeñaría xenética nos tratamentos con anticorpos monoclonais e os transplantes de órganos, e a problemática do rexeitamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BB5.10.1. Recoñece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais. ▪ BB5.10.2. Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan. ▪ BB5.10.3. Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue.

7.7.3 Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

Segundo de bacharelato é un curso que implica un estres constante e unha administración meticulosa do tempo dispoñible tanto polo alumno como polo docente. Nesta materia, un dos eixos centrais nos que se artellan os contidos e obxectivos educativos da materia de 2º de bacharelato, pasa pola relación de ESTRUCTURA E FUNCIÓN DAS BIOMOLÉCULAS, ADEMÁIS DO PESO ESPECÍFICO DO QUE SIGNIFICAN A NIVEL DAS ABAU, e procurando dispor dos recursos de tempo necesarios nas diferentes probas e exames, redundaremos en totalas avaliacións no tema de biomoléculas, de feito que integremos na programación un reforzo sistemático destes contidos.

Competencia en comunicación lingüística: A materia Bioloxía utiliza unha terminoloxía formal que permitirá aos alumnos e ás alumnas incorporar esta linguaxe e os seus termos para utilizalos nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Favorece o desenvolvemento a comunicación dos resultados de investigacións e outros traballos que realicen; as lecturas e os debates que se levarán a cabo en todos os temas da materia permitirán tamén a familiarización e uso da linguaxe científica.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** aplicaránse estratexias coas que definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.

A **competencia dixital:** utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc.,

A **competencia para aprender a aprender:** facilitar os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma.

A **competencias sociais e cívicas:** favorecer o traballo en grupo para a resolución de actividades e o traballo de laboratorio, fomentando o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais.

A **competencia de conciencia e expresións culturais:** desenvolver unha cultura científica que que permite considerar racionalmente e tomar decisións sobre determinados temas como a manipulación xenética, o transplante de órganos, a secuenciación do xenoma humano, a conservación da biodiversidade, etc.

CRITERIOS METODOLÓXICOS: fomentar a autonomía, a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, motivación, Integración e interdisciplinariedade, Rigor científico e desenvolvemento de capacidades analíticas, explicativas e interpretativas, fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno.

ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS: expositivas e de indagación. Algunhas técnicas didácticas para a consecución poderían ser:

- As tarefas sen unha solución clara e pechada para facer reflexionar sobre a complexidade dos problemas humanos e sociais, o carácter relativo e imperfecto das solucións achegadas para eles e sobre a natureza provisional do coñecemento humano.
- O estudo de casos ou feitos e situacións concretas para facer máis significativo o estudo dos fenómenos xerais e para abordar os procedementos de causalidade múltiple.
- Os proxectos de investigación, estudos ou traballos para habituarse a afrontar e a resolver problemas con certa autonomía e a adquirir experiencia na busca e na consulta.

AS ACTIVIDADES DIDÁCTICAS: Sobre a base destes criterios, as actividades programadas responden a unha tipoloxía variada:

- Actividades ao fío dos contidos estudados, son xeralmente, de localización, afianzamento, análise, interpretación e ampliación de conceptos.
- Actividades de definición, afianzamento e síntese de contidos.
 - Actividades de aplicación dos contidos teóricos, como interpretación de experiencias, ou ben como traballos de campo ou de indagación.
 - Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade...

As actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade, con enunciados como localiza, define, analiza, compara, comenta, consulta, descobre, recolle información, sintetiza, aplica, etc. A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado en clase, aclara dúbidas e permite ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

RECURSOS DIDÁCTICOS:

Libro do alumnado para 2.º de Bioloxía de Bacharelato.

Web do alumnado para 2.º de Bioloxía de Bacharelato.

Web do profesorado para 2.º de Bioloxía de Bacharelato

7.7.4 Procedemento para a avaliación inicial [e, de desenvolverse na normativa, a acreditación de coñecementos previos (BAC)].

Como actividades de **detección de coñecementos previos** suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectada
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas coa lingua propia do alumnado.

7.7.5 Procedemento de avaliación continua.

Actividades de tipo conceptual.

Actividades que resalten os aspectos de tipo metodolóxico.

Actividades onde se resalten a conexión entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente.

Recordar que facemos fincaxe en todos os temas dos contidos de biomoléculas, tal e como se dixo ao expor a metodoloxía didáctica desta materia.

En canto ao «formato» das actividades, pódense utilizar as seguintes:

- Actividades de composición.
- Actividades de libro aberto.
- Actividades orais.
- Rúbricas.
- Probas obxectivas tipo test.
- Probas obxectivas escritas: cuestións nas que hai que xustificar as respostas ou/e resolución de exercicios e problemas.
- Traballos de investigación, caderno de laboratorio, caderno de clase, rúbricas, dianas, etc.
- O cuadernillo de laboratorio que se elaborará ao longo de todo ano. De non telo haberá exames de prácticas. É necesario para aprobar a materia.

Cada instrumento de avaliación debe ter distinto peso á hora da cualificación final.

Recursos

- Uso de diversas ferramentas de avaliación
- Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe
- Atención á diversidade
- Interdisciplinariedade
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

Ferramenta de avaliación	Porcentaxe na Avaliación	
Ferramentas de avaliación do traballo competencial. Probas escritas. Pode modificarse en función das normas que estableza a CIUGA e do desenvolvemento da programación. Sempre en función das normas establecidas pola CIUGA.	1ª Evaluación:	1º parcial 50%
	2ª Evaluación:	1º parcial 50%
	3ª evaluación:40 %	1º parcial 50%
Ferramentas de avaliación do traballo competencial: tarefas, traballos de aplicación, libreta de actividades, informe de prácticas ...	10%	

CUALIFICACIÓN GLOBAL:	100%
-----------------------	------

- Probas escritas: Realizárase unha proba escrita ao remate de cada dúas ou tres UD, adecuándose a carga conceptual de cada unha delas e a capacidade de asimilación do alumnado. Faranse dúas ao longo da avaliación que se calificarán sobre 9 puntos.
- A nota das probas escritas será a media aritmética das probas efectuadas en cada avaliación, previa ponderación, no caso de que as probas non teñan a mesma carga conceptual, tendo en conta que o alumno deberá ter unha nota mínima de 3,5 en cada proba.
- Cando un alumno falta ao 1º parcial da avaliación, xustificadamente ou non, fará o examen deses parte co segundo parcial.
 - O traballo de clase, a actitude, a participación... suporán ata 1 punto na nota, poderá valorarse como positiva ou como negativa.
 - Realizárase unha recuperación ao finalizar cada avaliación. O alumno que teña a avaliación suspenso, terá que recuperar a totalidade da materia de dita avaliación.
 - Nas probas escritas si o alumno fai trampas, como levar notas o copiar polo teléfono móbil,...suporá un suspenso na avaliación e si se produce nas convocatorias de xuño ou setembro suporá un suspenso na materia.

7.7.6 Procedemento de avaliación extraordinaria (ESO e BAC)

Tema 1.- Os compoñentes químicos da célula

1. Identificar os elementos químicos e os tipos de compostos que forman os seres vivos como base para coñecer calquera función biolóxica.
2. Recoñecer a unidade química dos compostos básicos dos organismos vivos, a diversidade que poden alcanzar as moléculas dos polímeros biolóxicos, cales son os seus peripiaños estruturais ou monómeros, e clasificar os distintos principios inmediatos
3. Relacionar as propiedades fisicoquímicas da auga coa súa importancia na composición, a estrutura e a fisioloxía dos organismos vivos.
4. Recoñecer a importancia dos sales minerais e a súa transcendencia no equilibrio hidrosalino.

Tema 2.- Os glúcidos

1. Identificar a natureza química dos glúcidos e clasificalos en función dos seus monómeros.
2. Destacar a importancia biolóxica dos carbonos asimétricos e a súa consecuencia: a estereoisomería dos monosacáridos.
3. Describir e explicar como se forma o enlace O-glicosídico e enumerar as funcións dos principais disacáridos.
4. Formular e describir os oligosacáridos, os polisacáridos e os compostos mixtos (peptidoglicáns e glicoproteínas) máis importantes, e explicar as súas funcións biolóxicas.

5. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo

Tema 3.- Os lípidos

1. Recoñecer a heteroxeneidade do grupo de compostos considerados lípidos e clasificalos.
2. Recoñecer, formular esquematicamente e clasificar os ácidos graxos, e enunciar as características peculiares dalgún dos seus derivados.
3. Identificar a estrutura molecular dunha graxa neutra e dun lípido de membrana, e construír as fórmulas de triacilglicéridos e fosfolípidos a partir dos seus compoñentes.
4. Describir a estrutura molecular dos terpenos e dos esteroides, e enumerar os diferentes tipos e as súas funcións biolóxicas.
5. Comprender o comportamento no medio acuoso das moléculas dos lípidos e explicar as súas propiedades para a constitución das membranas.

Tema 4.- As proteínas e a acción enzimática

1. Describir a estrutura dos aminoácidos, as súas propiedades e a súa clasificación, así como a formación do enlace peptídico.
2. Distinguir os tipos de estrutura das proteínas e comprender como a secuencia de aminoácidos contén a información que condiciona a súa forma (conformación) e, polo tanto, a súa función.
3. Clasificar as proteínas polas súas propiedades estruturais e relacionas coas súas funcións biolóxicas.
4. Describir o mecanismo da catálise e enunciar as características da acción enzimática
5. Explicar a inhibición enzimática, clasificar os seus tipos e comprender a súa relación cos mecanismos de regulación.
6. Coñecer a existencia dos cofactores ou coenzimas na actividade enzimática e relacionalos co concepto de vitamina

Tema 5.- Os ácidos nucleicos

1. Recoñecer os nucleótidos como monómeros dos ácidos nucleicos e identificar os seus compoñentes.
2. Coñecer os distintos tipos de nucleótidos e ácidos nucleicos, clasificalos e identificar a súa estrutura primaria.
3. Describir a estrutura secundaria dos ácidos nucleicos e recoñecelos como moléculas capaces de conter información.
4. Comprender a transcendencia do modelo de estrutura do ADN e as súas repercusións para a Bioloxía.

Tema 6.- A célula e as envolturas celulares

1. Coñecer os acontecementos históricos máis importantes no desenvolvemento da teoría celular, a correlación dos avances no seu estudo cos descubrimentos tecnolóxicos e a importancia das investigacións de Ramón y Cajal na universalización da teoría celular.
2. Comprender as diferenzas de estrutura e comportamento bioquímico máis importantes entre procariotas e eucariotas, e a súa relación evolutiva.

3. Sinalar as semellanzas e as diferenzas entre as células dos autótrofos e as dos heterótrofos, e a orixe dos orgánulos celulares. Explicar os condicionamentos xerais responsables do tamaño e da forma das células.
4. Describir a estrutura, a composición química e a función da membrana plasmática.
5. Explicar os distintos tipos de transporte a través das membranas celulares.
6. Comentar os tipos básicos de unións intercelulares.
7. Coñecer a estrutura, a composición química e a función dos diferentes tipos de paredes celulares.

Tema 7.- Os orgánulos celulares (I)

1. Desenvolver o concepto de hialoplasma e a natureza do citoesqueleto.
2. Detallar a composición química e explicar a estrutura e as misións dos orgánulos e das estruturas non membranosas da célula.
3. Enumerar e describir a estrutura e a función de cada unha das estruturas e orgánulos que constitúen o sistema de endomembranas da célula.

Tema 8.- Os orgánulos celulares (II)

1. Coñecer as características do núcleo.
2. Coñecer a morfoloxía, os tipos, a estrutura e a función dos cromosomas.
3. Describir e analizar a estrutura e a función das mitocondrias e os cloroplastos.

Tema 9.- O ciclo celular

1. Desenvolver o concepto de ciclo celular e describir as súas fases.
2. Definir mitose, interpretar a súa función biolóxica e analizar as súas fases.
3. Definir meiose, analizar a súa función biolóxica, as súas diferenzas coa mitose, a súa importancia xenética, as súas fases e a regulación do ciclo celular.

Tema 10.- O metabolismo I. O catabolismo

1. Comprender o concepto de metabolismo como un conxunto integrado da actividade química da célula cuxo fin é transformar a materia e a enerxía obtidas do exterior.
2. Identificar os principais intermediarios transportadores do metabolismo e comprender a súa función biolóxica.
3. Recoñecer a oxidación da molécula de glicosa como unha fonte de enerxía celular e enunciar os procedementos metabólicos para a obtención desa enerxía e o seu significado biolóxico.
4. Elaborar o balance completo da glicólise, escribir as ecuacións globais das rutas fermentativas e comprender o sentidobiolóxico destas rutas metabólicas, e explicar as conexións entre outros glúcidos e a ruta glicolítica, así como a necesidade de regulación e control de glúcidos.
5. Definir respiración celular, e identificar as rutas metabólicas que desembocan no acetil-CoA.
6. Explicar o significado e a función do ciclo de Krebs, o transporte de electróns e a fosforilación oxidativa.
7. Obter o balance global da respiración celular e os rendementos enerxéticos, e establecer as conclusións xerais do proceso.

Tema 11.- O metabolismo II. O anabolismo

1. Explicar o proceso da fotosíntese, as súas fases, a discusión da súa ecuación xeral e comprender o papel dos pigmentos fotosintéticos na transformación da enerxía lumínica en enerxía química
2. Recoñecer como se produce a síntese neta de materia orgánica a partir da fixación do CO₂ na fase escura da fotosíntese.
3. Enunciar o fenómeno da fotorrespiración e interpretar as adaptacións metabólicas de determinadas plantas aos seus respectivos ambientes.
4. Definir o proceso da quimiosíntese, expoñer as súas características e as súas consecuencias.

Tema 12.- Xenética mendeliana

1. Diferenciar os conceptos de herdanza e xenética.
2. Explicar as leis de Mendel.
3. Resolver problemas de xenética nos que se descubra o xenotipo a partir de cruzamentos con fenotipos coñecidos.
4. Explicar a teoría cromosómica da herdanza.
5. Coñecer as excepcións ao modelo mendeliano.
6. Sinalar as características da herdanza ligada ao sexo e a transmisión de caracteres ligados ao sexo.

Tema 13.- A base molecular da herdanza

1. Distinguir os enfoques formal e molecular no concepto de xene, e explicar como se produce nunha célula o fluxo da información xenética.
2. Describir o proceso de replicación do ADN, tanto en procarióticos coma en eucarióticos, e indicar as funcións das moléculas que interveñen no devandito proceso.
3. Describir cada unha das fases do proceso da transcripción da información xenética nas células procarióticas e eucarióticas.
4. Definir o concepto de código xenético e enunciar as súas características e as consecuencias que poden obterse da súa universalidade.
5. Especificar o proceso de síntese de proteínas a partir da información contida no ARN mensaxeiro.
6. Recoñecer a necesidade do control e a regulación da expresión xénica, e describir algúns modelos de regulación en procariotas e en eucariotas.

Tema 14.- Xenética e evolución

1. Definir e clasificar as formas de alteración da información xenética á luz da bioloxía molecular.
2. Identificar e describir as solucións da célula para reparar as lesións do ADN.
3. Recoñecer e describir as distintas teorías que intentan explicar a evolución.
4. Recoñecer a importancia da xenética de poboacións no proceso evolutivo
5. Comprender as teorías alternativas ao neodarwinismo, interpretando as características de cada unha.
6. Identificar e distinguir os distintos tipos de evidencias da evolución.

Tema 15.- Os microorganismos

1. Salientar as características xerais dos virus e as fases de replicación do xenoma vírico.
2. Detallar os ciclos de multiplicación vírica e o concepto de retrovirus.
3. Distinguir as distintas formas acelulares e a súa relación coas células procariotas e eucariotas.
4. Explicar as características xerais de cada un dos reinos moneras, protistas e fungos.
5. Sinalar os grupos taxonómicos que inclúen microorganismos, baseándose na clasificación dos cinco reinos.
6. Analizar a actividade xeoquímica dos microorganismos e a súa relación cos ciclos da materia.
7. Interpretar a acción dos microorganismos sobre a saúde.

Tema 16.- A biotecnoloxía

1. Coñecer o concepto de biotecnoloxía, as características dos procedementos biotecnolóxicos tradicionais e da nova biotecnoloxía, e os ámbitos de traballo principais desta.
2. Describir algunhas técnicas utilizadas en enxeñería xenética e a súa importancia na evolución da biotecnoloxía.
3. Expoñer as principais aplicacións da biotecnoloxía ao desenvolvemento de distintos campos, como a industria, a minería, a agricultura, a gandería, o medio e a medicina.

Tema 17.- O sistema inmunitario

1. Coñecer a natureza dos mecanismos de defensa do organismo.
2. Explicar os conceptos de antíxeno e de anticorpo, as súas características, estrutura e forma de acción.
3. Coñecer os mecanismos defensivos inespecíficos.
4. Coñecer os mecanismos defensivos específicos.

Tema 18.- As alteracións do sistema inmunitario

1. Comprender o concepto de inmunidade, os seus tipos, a súa importancia sanitaria, e explicar os métodos para adquirila.
2. Coñecer o que son as enfermidades autoinmunes, as causas polas que se producen e os tratamentos que se utilizan para combatelas.
3. Comprender o concepto de inmunodeficiencia e coñecer os efectos do VIH na especie humana.
4. Describir en que consiste a hipersensibilidade e indicar as características das alerxias.
5. Coñecer os diferentes tipos de transplantes que existen e o papel que desempeña o sistema inmunolóxico no rexeitamento.
6. Analizar a relación entre o sistema inmunolóxico e o cancro.

7.7.7 Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes (ESO e BAC).

Non hai alumnos con a asignatura pendente.

7.7.8 Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Tema 1.- Os compoñentes químicos da célula

- Identifica e explica os diferentes tipos de enlaces químicos e a súa importancia biolóxica.
- Define os conceptos de bioelemento e biomolécula.
- Nomea e enumera os principais bioelementos e as características do átomo de carbono.
- Describe as características da molécula de auga, as súas propiedades e as súas funcións biolóxicas.
- Refire as funcións dos sales minerais nos seres vivos.
 - Aplica as formas de representar as moléculas e valora a súa correcta representación.
- Interpreta debuxos esquemáticos dos fenómenos de difusión, diálise e osmose.

Tema 2.- Os glúcidos.

- Aplica os coñecementos adquiridos para explicar a función dos glúcidos na nosa vida.
- Recoñece a importancia dos glúcidos como compostos con función de reserva e estruturais.
- Define conceptos relacionados cos glúcidos como: isomería, enlace O-glicosídico, etc., utilizando vocabulario apropiado.
- Redacta e expón oralmente a importancia biolóxica dos monosacáridos, os oligosacáridos e os polisacáridos, con corrección, usando o vocabulario apropiado.
- Recoñece a importancia que teñen as animacións e simulacións, creadas utilizando distintos movementos e cores, para entender a estrutura espacial dos enlaces que se forman.
- Valora a importancia que ten o estudo dos glúcidos como compoñentes dos seres vivos.
 - Recoñece a relevancia do traballo científico que levou a comprender que a glicosa é, por exemplo, o principal combustible metabólico da célula.
 - Mostra interese por coñecer que glúcidos se encontran nos alimentos que consumimos a diario e as cantidades que deben ser inxeridas para evitar trastornos na saúde.
 - Expresa que proxectos levaría a cabo no seu contorno para comprobar a presenza ou non de polisacáridos como o amidón.
 - Investiga e explica o feito de que os glúcidos reciban outras denominacións como azucres ou hidratos de carbono.

Tema 3.- Os lípidos

- Enumera as características dos principais tipos de lípidos e as súas funcións nos seres vivos.
- Aplica os coñecementos adquiridos para xustificar por que hai graxas, como os aceites, que a temperatura ambiente son líquidas, mentres que hai outras, como os sebos, que son sólidas.
- Expón como se forman as bicapas lipídicas que constitúen a base estrutural das membranas.

- Explica como se poden fabricar as xabóns a partir de certos lípidos.
- Recoñece a importancia do colesterol nos seres vivos a partir das súas características e dos problemas que pode ocasionar para a saúde humana.
- Define conceptos relacionados cos lípidos, as súas propiedades, funcións e clasificación tales como: anfipático, reacción de esterificación, reacción de saponificación, etc., utilizando vocabulario apropiado.
- Obtén información sobre os tipos de lípidos, utilizando diferentes fontes, con criterio e rigor.
- Coñece a importancia das animacións e simulacións para comprender a formación dos enlaces químicos que unen os monómeros para formar os lípidos, como lecitina, esfingomielina, etc.
- Recoñece a influencia dos lípidos sobre a saúde humana.

Tema 4.- As proteínas e a acción enzimática

- Recoñece e explica as características dos aminoácidos e do enlace peptídico, así como as características e as funcións das proteínas, as dos enzimas e o seu mecanismo de acción.
- Aplica os coñecementos adquiridos para resolver diferentes preguntas e problemas, como escribir a fórmula dun tripéptido, por que a pataca, se é mesturada con amilase salival a 37 °C, adquire sabor doce; por que a febre alta pode ser letal, etc.
- É capaz de utilizar a información achegada polos gráficos para deducir como inflúe nas reaccións enzimáticas a concentración do substrato, a temperatura e o pH.
- Define conceptos relacionados coas proteínas e os enzimas tales como: enlace peptídico, grupo prostético, centro activo, sitio alostérico, vitamina, coenzima, etc., utilizando o vocabulario apropiado
- Responde as preguntas que se lle formulan, expresándose con fluidez e coherencia.
- Obtén información sobre as proteínas (estrutura, propiedades, función e clasificación) e sobre os encimas (natureza, mecanismo de acción e factores que inflúen na cinética enzimática), utilizando diferentes fontes con criterio e rigor.
- Valora a importancia que ten o coñecemento das proteínas como constituíntes esenciais dos seres vivos, tanto cuantitativa coma cualitativamente.
- Recoñece a importancia que teñen as vitaminas nos seres vivos e valora a relevancia que tivo o seu descubrimento.
- Participa activamente no traballo do laboratorio sobre o recoñecemento das proteínas.

Tema 5.- Os ácidos nucleicos

- Valora o traballo de diferentes científicos sobre os ácidos nucleicos desde 1869 ata a actualidade.
- Aplica os coñecementos adquiridos para explicar a función dos ácidos nucleicos.
- Coñece a importancia dos ácidos nucleicos como portadores da información xenética e responsables da transcripción e síntese de proteínas.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados cos ácidos nucleicos como: nucleótido, nucleósido, bases púricas e pirimidínicas...
- Fai presentacións para os seus compañeiros e compañeiras sobre a importancia do estudo do ADN e o ARN.
- Valora a importancia que ten o estudo dos nucleótidos e os ácidos nucleicos como compoñentes dos seres vivos.

Tema 6.- A célula e as envolturas celulares

- Recoñece e calcula os aumentos nos microscopios ópticos.
- Aplica os coñecementos adquiridos para resolver diferentes preguntas e problemas sobre o intercambio de elementos químicos nas membranas celulares.
- Redacta e expón oralmente, con corrección e utilizando o vocabulario adecuado, a teoría celular, así como as características dos diferentes tipos de células e as súas envolturas, que se piden nas diversas cuestións propostas.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados coa teoría celular e cos tipos celulares e as estruturas que as aislan do medio.
- Utiliza imaxes de microscopía para o estudo das células e as súas estruturas, e aprecia a estética destas.

Tema 7.- Os orgánulos celulares (I)

- Organiza en esquemas ou táboas as características das estruturas celulares e dos orgánulos pertencentes ao sistema de endomembranas.
- Expón oralmente e redacta con corrección, utilizando o vocabulario adecuado, toda a información referente ás estruturas e os orgánulos celulares que se pide nas diversas cuestións propostas.
- Utiliza diferentes fontes para obter información sobre as estruturas e os orgánulos estudados na unidade.
- Utiliza imaxes de microscopía para o estudo das células e as súas estruturas, e aprecia a estética destas.
- Valora a importancia que ten o coñecemento da célula e as súas estruturas para o coñecemento dos seres vivos e para resolver problemas de saúde.
- Válese de diversas técnicas de traballo para mellorar a súa aprendizaxe: resumos, táboas, esquemas e debuxos

Tema 8.- Os orgánulos celulares (II)

- Coñece e organiza as características dos elementos do núcleo, das mitocondrias e dos plastos.
- Expón oralmente e redacta con corrección, utilizando o vocabulario adecuado, toda a información referente ao núcleo, ás mitocondrias e aos plastos que se pide nas diversas cuestións propostas.
- Usa diferentes fontes para obter información sobre o núcleo e os orgánulos membranosos enerxéticos
- Utiliza imaxes de microscopía para o estudo do núcleo celular e dos orgánulos membranosos enerxéticos, e aprecia a estética destas.
- Valora a importancia que ten o coñecemento do núcleo celular e dos orgánulos membranosos enerxéticos para o coñecemento dos seres vivos e para resolver problemas de saúde.
- Explica o concepto de pH e describe as características do medio celular.

Tema 9.- O ciclo celular

- Coñece e valora o traballo de diferentes científicos en relación coa temática da unidade ao longo da historia.
- Valora a importancia evolutiva da meiose como unha fonte de variabilidade xenética.

Reflexiona sobre a relación entre meiose e reprodución ou fenómenos sexuais, e sobre a variabilidade xenética xerada como consecuencia desta.

- Comprende a importancia da «morte celular» dentro do ciclo dunha célula normal e as connotacións patolóxicas que xorden cando se alteran os mecanismos de apoptose.
- Recoñece as fases esenciais da mitose a partir de mostras citolóxicas no laboratorio ou fotografías.
- Confecciona esquemas detallados e interpreta gráficas da evolución do contido xenético ao longo da meiose.
- Representa mediante esquemas a evolución cromosómica durante a mitose e a meiose.

Tema 10.- O metabolismo I. O catabolismo

- Calcula o balance enerxético das diferentes fases da respiración celular e da fermentación.
- Describe os conceptos de metabolismo, anabolismo e catabolismo.
- Explica a función dos intermediarios do metabolismo: o ATP e os transportadores de electróns e de grupos.
- Describe as fases do catabolismo da glicosa, o seu balance enerxético e a súa localización celular.
- Explica o concepto de fermentación e as diferenzas coa respiración celular.
- Interpreta outras rutas metabólicas como a β -oxidación.
- Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como metabolismo, oxidante, redutor, potencial de oxidación- redución, etc.
- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre o metabolismo celular, o gradiente electroquímico, a síntese de ATP no transporte de electróns, a β -oxidación, etc.
- Recoñece as formas de representación das moléculas e valora a súa correcta representación.
- Interpreta e utiliza debuxos esquemáticos para representar as rutas catabólicas.

Tema 11.- O metabolismo II. O anabolismo

- Calcula o número de electróns necesarios para reducir unha molécula de NADP⁺ e para liberar unha molécula de osíxeno.
- Describe o concepto de anabolismo e coñece algunhas rutas do anabolismo heterótrofo como a glicoxénese e a glicoxénese.
- Explica a ecuación xeral da fotosíntese e diferenza entre fotosíntese osixénica e anosixénica.
- Describe a fase luminosa da fotosíntese, coñece o seu balance enerxético e a súa localización celular.

- Explica a fase escura da fotosíntese ou ciclo de Calvin, a súa relación coa fase luminosa, o seu balance enerxético e a súa localización celular.
- Deduce como inflúen algúns factores ambientais no rendemento da fotosíntese.
- Explica a quimiosíntese, coñece as súas fases, a súa importancia ecolóxica e os organismos que a realizan.
- Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como anabolismo, gliconeoxénese, glicoxenoxénese, fotosíntese, quimiosíntese, fotosistema, nitrificación, etc.
- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos fotosistemas, a síntese de ATP na fase luminosa, a función dos pigmentos fotosintéticos, etc.
- Coñece as formas de representar as moléculas e valora a súa correcta representación.
- Interpreta esquemas da fase luminosa da fotosíntese.
- Utiliza debuxos esquemáticos para representar a fotofosforilación non cíclica e a quimiosíntese.

Tema 12.- Xenética mendeliana

- Valora a importancia dos experimentos de Mendel e os grandes acertos que tivo.
- Aplica os coñecementos adquiridos para resolver os problemas de xenética formulados, como o cálculo de frecuencias e a representación dos resultados en fraccións simplificadas.
- Coñece a importancia do estudo da xenética mendeliana para os estudos actuais de xenética.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados coa herdanza mendeliana, como xenes, alelos, fenotipos, heterocigótico...
- Aprecia a importancia que teñen as ilustracións para representar os caracteres presentes nas especies que se cruzan.
- Valora a importancia que ten o estudo da teoría cromosómica da herdanza.
- Recoñece a importancia do traballo científico que levou a comprender que existen enfermidades xenéticas, é dicir, ligadas á herdanza dos cromosomas.
- Mostra interese por coñecer as investigacións que se realizan en xenética.

Tema 13.- A base molecular da herdanza

- Valora o traballo científico, desde o establecemento da relación entre a xenética e a bioquímica, ata as actuais técnicas de manipulación xenética.
- Aplica os coñecementos adquiridos para explicar como se produce a replicación, a transcrición e a tradución do ADN.
- Coñece a importancia do coñecemento do código xenético e a necesidade de que existan mecanismos responsables da regulación da expresión xénica.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados coa base molecular da herdanza e a transmisión da información xenética: xene, replicación, cebador, cadea adiantada, operón...
- Valora a importancia que ten o estudo da base molecular da herdanza.
- Recoñece a importancia do traballo científico que levou a comprender que o código xenético é case universal e, a través do seu estudo, coñecer a correspondencia entre os

aminoácidos que compoñen as proteínas e os tripletes de nucleótidos do ARNm que os codifican.

- Investiga e sabe explicar como se produce a replicación descontínua do ADN cos fragmentos de Okazaki.
- Esquematiza de forma gráfica as hipóteses sobre os tipos de replicación do ADN.

Tema 14.- Xenética e evolución

- Explica que son as transicións e as transversións.
- Describe os mecanismos de reparación do ADN.
- Diferencia as mutacións beneficiosas das prexudiciais.
- Diferencia entre macroevolución e microevolución.
- Identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes.
- Calcula frecuencias alélicas e xenotípicas a partir de datos dunha poboación.
- Interpreta distintos mecanismos de selección natural representados mediante unha función gráfica.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados coa xenética e a evolución, como mutación, deriva xenética e frecuencias xénicas.
- Visualiza o vídeo «Relación entre xenética e evolución» e escribe un texto no que explica por que o caso de *Biston betularia apoia* a teoría sintética.
- Argumenta as distintas evidencias que demostran o feito evolutivo.
- Achega exemplos de mutacións beneficiosas e prexudiciais
- Analiza as achegas da teoría do puntualismo á explicación do proceso evolutivo

Tema 15.- Os microorganismos

- Ofrece datos estatísticos sobre determinadas enfermidades infecciosas.
- Explica a importancia dos fungos para o ser humano.
- Aplica os coñecementos adquiridos para resolver diferentes preguntas e problemas sobre as vías de transmisión e o desenvolvemento das enfermidades infecciosas.
- Expón as características dos diferentes grupos de microorganismos.
- Define conceptos relacionados cos distintos grupos de microorganismos e coa enfermidade infecciosa tales como: plásmido, episoma, saprófito, toxina, virulencia, infección, botulismo, medidas profilácticas.
- Resolve as actividades propostas na unidade e o resumo proposto ao final desta con corrección e coherencia, usando o vocabulario preciso.
- Obtén información sobre os microorganismos e as enfermidades producidas por moitos deles.
- Debuxa unha célula procariota, tomando como base unha ilustración incluída no libro.
- Utiliza imaxes de microscopía para o estudo dos microorganismos e as súas estruturas.
- Relaciona o uso indebido de antibióticos con algúns problemas sanitarios.
- Infórmase sobre o primeiro antibiótico descuberto e a persoa que fixo o achado.
- Extrae conclusións sobre a enfermidade producida polo virus do Ébola e as súas vías de contaxio.
- Achega exemplos de diferentes vehículos de transmisión de enfermidades infecciosas.

Tema 16.- A biotecnoloxía

- Explica en que consiste un cultivo celular.
- Explica o funcionamento dos enzimas de restrición.
- Indica as aplicacións terapéuticas da clonación.
- Interpreta as conclusións do Proxecto Xenoma Humano.
- Describe as aplicacións dos microorganismos nos procesos industriais.
- Explica as aplicacións que ten a biotecnoloxía no transplante de órganos.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados coa biotecnoloxía, como biotecnoloxía, enxeñería transxénica, transxénese, terapia xénica e biorremediación.
- Resume as técnicas básicas da enxeñería xenética.
- Busca información sobre o proxecto ENCODE e explica en que consiste e as conclusións establecidas á partir deste proxecto.
- Aprecia a importancia que teñen as ilustracións para representar os procesos de secuenciación dun xenoma e de clonación.
- Valora as aplicacións da biotecnoloxía e da enxeñería xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación para o mantemento e a mellora do medio.
- Valora as implicacións éticas e sociais dos descubrimentos recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñería xenética.
- Indica os problemas que formula a terapia xénica.
- Explica coas súas propias palabras que é unha fraude científica.

Tema 17.- O sistema inmunitario

- Describe as características do sistema inmunitario e as diferenzas que existen entre os dous tipos de resposta inmunitaria. Igualmente, sabe as células que interveñen en cada unha destas respostas e o papel que desempeña cada unha delas.
- Recoñece a composición e a estrutura dos anticorpos, as células que os producen e as causas polas que se producen. Así mesmo, sabe cal é o papel destas moléculas na defensa do organismo.
- É capaz de utilizar a información achegada polos gráficos para coñecer as diferenzas entre a resposta inmune primaria e a resposta inmune secundaria.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir conceptos relacionados co sistema inmunitario, a súa composición e os mecanismos de actuación tales como: microbiota, fagocito, apoptose, anticorpo, resposta inmunitaria, etc.
- Exprésase con fluidez e coherencia ante as preguntas formuladas polo profesorado.
- Utiliza diferentes fontes, con criterio e rigor, para obter información sobre os mecanismos de actuación do sistema inmunitario, tanto os inespecíficos (reacción inflamatoria) como os específicos (resposta celular e humoral).
- Aprecia a importancia que teñen os debuxos esquemáticos para comprender os mecanismos de actuación do sistema inmunitario (resposta celular e humoral).
- Recoñece a importancia que ten o coñecemento do funcionamento do sistema inmunitario para resolver problemas de saúde.
- É consciente da importancia que tivo o descubrimento dos anticorpos monoclonais polas súas aplicacións médicas.
- Utiliza diversas técnicas de traballo para mellorar a súa aprendizaxe: elabora resumos sobre os contidos da unidade; realiza esquemas conceptuais sobre os compoñentes do

sistema inmunitario; organiza a información en táboas sinalando as diferenzas entre os linfocitos B e T, etc.

- Toma conciencia dos coñecementos adquiridos sobre o sistema inmunitario e os seus mecanismos de actuación, e autoavalíase realizando o test de autoavaliación.

Tema 18.- As alteracións do sistema inmunitario

- Explica os diferentes tipos de inmunidade e as causas que producen cada un deles.
- Aplica os coñecementos adquiridos para comprender por que se produce o rexeitamento inmunolóxico nos transplantes.
- Recoñece as principais inmunopatoloxías e a súa importancia para a saúde humana, e comprende o papel do sistema inmunitario na loita contra o cancro.
- Utiliza o vocabulario adecuado para definir diferentes conceptos relacionados coa inmunidade, as inmunopatoloxías, os transplantes, etc.
- Elabora con eficacia documentos textuais en diferentes formatos (texto, presentacións...) sobre sida, vacinas, inmunopatoloxía, etc.
- Recoñece a importancia do traballo científico no descubrimento das vacinas e as alerxias, e na realización dos transplantes, etc., e a súa implicación no mantemento da saúde.
- Valora a importancia social e ética dos actos de doazón de órganos, tecidos, etc.
- Mostra interese por investigar algúns aspectos propostos nas actividades de afondamento contidas no tema.
- Elabora esquemas conceptuais sobre os diferentes tipos de vacinas, as diferentes inmunopatoloxías, etc.

7.7.9 Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

Promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica ao finalizar cada unidade didáctica mediante unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Farase uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

Aspectos que hai que avaliar	Hai que destacar	Hai que mellorar	Propostas de mellora personal
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			

7.8 2º BACHARELATO. CIENCIAS DA TERRA.

7.8.1 Introducción e contextualización.

A materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente ten como eixe principal o uso que facemos as persoas dos recursos que nos ofrece o noso planeta, un planeta finito que "utilizamos" como se fose ilimitado. Debe ser un instrumento para a comprensión do mundo que nos rodea e debe, tamén, promover unha reflexión crítica acerca da problemática ambiental que leve o alumnado a exercer unha cidadanía con conciencia cívica responsable, inspirada en valores, actitudes e intereses que o leven a protexer e mellorar o medio natural e, consecuentemente, participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

A humanidade enfróntase a importantes retos no século XXI; entre eles, a procura de fontes alternativas de enerxía, o abastecemento de materias primas, o quecemento global, a alteración da capa de ozono ou a perda da biodiversidade. Cómpre non esquecer toda a variabilidade de impactos ambientais que a humanidade, coas súas accións, provoca no medio natural, e que é necesario abordar desde unha perspectiva integradora e holística e dun xeito interdisciplinario e sintético, que é, precisamente, unha característica inherente a esta materia do bacharelato: a aplicación de coñecementos e competencias adquiridas doutras ciencias, principalmente da bioloxía, da xeoloxía, da física e da química.

O desenvolvemento da materia implica utilizar de xeito sintético os coñecementos

científicos adquiridos en cursos anteriores e outros que se adquieren dun xeito menos formal, xa que moitos dos temas que se estudan constitúen unha preocupación da sociedade actual e están cada vez máis presentes nos medios de comunicación social. Ademais, require relacionar de xeito explícito o estudo da ciencia, a técnica, a sociedade e o ambiente, coa finalidade de analizar as situacións e as opcións ou alternativas de xestión coas que se pode abordar toda a problemática ambiental á que se enfrenta a humanidade na actualidade.

7.8.2 Obxectivos e vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1ª EVALUACIÓN			
Bloque 1. Medio ambiente e fontes de información ambiental			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar modelos de sistemas considerando as variables, analizando a interdependencia dos seus elementos e establecendo as súas relacións causais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.1.1. Contrasta a interdependencia dos elementos dun sistema establecendo as súas relacións. ▪ CTMAB1.1.2. Elabora modelos de sistemas nos que representa as relacións causais, interpretando as consecuencias da variación dos distintos factores.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O medio natural como sistema. Aplicación da teoría de sistemas ao sistema natural. ▪ B1.3. Humanidade e medio ambiente. Historia das relacións da humanidade coa natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Aplicar a dinámica de sistemas aos cambios ambientais acontecidos como consecuencia da aparición da vida e as actividades humanas ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.2.1. Analiza, a partir de modelos sinxelos, os cambios ambientais que tiveron lugar como consecuencia da aparición da vida e da acción humana ao longo da historia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Recursos naturais, riscos e impactos ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar recursos, riscos e impactos, asociándoos á actividade humana sobre o medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.3.1. Identifica e clasifica recursos, riscos e impactos ambientais asociados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Fontes de información ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar os principais instrumentos de información ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.4.1. Coñece e enumera os principais métodos de información ambiental. ▪ CTMAB1.4.2. Extrae conclusións sobre cuestións ambientais a partir de distintas fontes de información.
Bloque 2. Dinámica dos sistemas fluídos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. A radiación solar como recurso enerxético. ▪ B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar os efectos da radiación solar na dinámica das capas fluídas, no clima e na xeodinámica externa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.1.1. Valora a radiación solar como recurso enerxético. ▪ CTMAB2.1.2. Relaciona a radiación solar coa dinámica das capas fluídas e o clima. ▪ CTMAB2.1.3. Explica a relación

			entre radiación solar e xeodinámica externa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender o funcionamento das capas fluídas establecendo a súa relación co clima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.2.1. Explica a dinámica da atmosfera e as súas consecuencias no clima.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Compoñentes da atmosfera, orixe e importancia biolóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Recoñecer os compoñentes da atmosfera relacionándoos coa súa procedencia e importancia biolóxica. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.3.1. Identifica os compoñentes da atmosfera en relación coa súa procedencia, a súa distribución e a súa dinámica. ▪ CTMAB2.3.2. Relaciona os compoñentes da atmosfera coa súa importancia biolóxica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Capa de ozono: orixe e importancia. ▪ B2.5. Diminución da capa de ozono: efectos e medidas preventivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Comprender a importancia da capa de ozono e a súa orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.4.1. Determina a importancia da capa de ozono e valora os efectos da súa diminución. ▪ CTMAB2.4.2. Sinala medidas que prevenen a diminución da capa de ozono.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Efecto invernadoiro: relación coa vida na Terra. Causas e consecuencias do aumento do efecto invernadoiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Determinar a orixe do efecto invernadoiro e a súa relación coa vida na Terra. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.5.1. Valora o efecto invernadoiro e a súa relación coa vida na Terra. ▪ CTMAB2.5.2. Comprende e explica que factores provocan o aumento do efecto invernadoiro e as súas consecuencias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. A hidrosfera e o seu papel como regulador climático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Comprender o papel da hidrosfera como regulador climático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.6.1. Razona o funcionamento da hidrosfera como regulador climático. ▪ CTMAB2.6.2. Determina a influencia da circulación oceánica no clima.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Relación das correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima e con algúns fenómenos climáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Asociar algúns fenómenos climáticos coas correntes oceánicas (ou a temperatura superficial da auga). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.7.1. Explica a relación entre as correntes oceánicas e fenómenos como "El Niño" e os furacáns, entre outros. ▪ CTMAB2.7.2. Asocia as correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Formación das precipitacións. Tipos de precipitacións. ▪ B2.10. Interpretación de mapas meteorolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Explicar a formación de precipitacións en relación aos movementos de masas de aire e interpretar mapas meteorolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.8.1. Relaciona a circulación de masas de aire cos tipos de precipitacións. ▪ CTMAB2.8.2. Interpreta mapas meteorolóxicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Os riscos climáticos, causas e consecuencias. Medidas de predición, prevención e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Identificar os riscos climáticos, valorando os factores que contribúen a favorecelos e a paliar os seus efectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB2.9.1. Relaciona os riscos climáticos cos factores que os orixinan e coas súas consecuencias. ▪ CTMAB2.9.2. Propón medidas para evitar ou diminuír os efectos dos riscos climáticos.
2ª EVALUACIÓN			
Bloque 3. Contaminación atmosférica			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Argumentar a orixe da contaminación atmosférica e identificar os efectos sociais, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB3.1.1. Identifica os efectos biolóxicos da contaminación atmosférica.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ p 		<p>ambientais e sanitarios que produce.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ▪ CTMAB3.1.2. Asocia os contaminantes coa súa orixe e recoñece as súas consecuencias sociais, ambientais e sanitarias.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Medidas preventivas e correctoras da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Propor medidas que favorecen a diminución da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB3.2.1. Describe medidas que preveñen ou atenuan a contaminación atmosférica e o efecto invernadoiro.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica. ▪ B3.3. Factores que inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Relacionar a contaminación atmosférica cos seus efectos biolóxicos e con certas condicións meteorolóxicas e/ou topográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB3.3.1. Relaciona o grao de contaminación con certas condicións meteorolóxicas e/ou topográficas. ▪ CTMAB3.3.2. Explica os efectos biolóxicos producidos pola contaminación atmosférica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Efectos da contaminación atmosférica segundo o seu raio de influencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Clasificar os efectos locais, rexionais e globais da contaminación atmosférica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB3.4.1. Describe os efectos locais, rexionais e globais ocasionados pola contaminación do aire.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Ozono troposférico e ozono estratosférico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Distinguir a orixe e os efectos do ozono troposférico e do ozono estratosférico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB3.5.1. Distingue a orixe e os efectos do ozono troposférico e do estratosférico.
Bloque 4. Contaminación das augas			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Ciclo hidrolóxico. ▪ B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Clasificar os contaminantes da auga en relación á súa orixe e aos seus efectos. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB4.1.1. Coñece e describe a orixe e os efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas. ▪ CTMAB4.1.2. Relaciona os principais contaminantes da auga coa súa orixe e cos seus efectos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Parámetros de medida da calidade da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os indicadores de calidade da auga. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB4.2.1. Coñece e describe os principais indicadores de calidade da auga.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas. ▪ B4.4. Prevención e corrección da contaminación da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Valorar as repercusións para a humanidade da contaminación da auga, e propón medidas que a eviten ou diminúan. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB4.3.1. Describe o proceso de eutrofización das augas e valora as súas consecuencias. ▪ CTMAB4.3.2. Propón actitudes e accións individuais, estatais e intergubernamentais, que reduzan as repercusións ambientais da contaminación da auga.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Sistemas de tratamento e depuración das augas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer os sistemas de potabilización e depuración das augas residuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB4.4.1. Esquematiza as fases de potabilización e depuración da auga nunha EDAR.
3ª EVALUACIÓN			
Bloque 5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Xeosfera: soporte dos restantes subsistemas terrestres. ▪ B5.2. Riscos xeolóxicos e a súa relación cos fluxos de enerxía terrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Relacionar os fluxos de enerxía e os riscos xeolóxicos. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.1.1. Identifica as manifestacións da enerxía interna da Terra e a súa relación cos riscos xeolóxicos.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Orixe dos riscos xeolóxicos internos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Identificar os factores que determinan, favorecen e atenúan os riscos xeolóxicos sísmico e volcánico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.2.1. Explica a orixe e os factores que determinan os riscos sísmico e volcánico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos. ▪ B5.5. Danos orixinados polos riscos xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar os danos que producen os riscos xeolóxicos, e determinar métodos de predición e prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.3.1. Coñece os métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos. ▪ CTMAB5.3.2. Relaciona os riscos xeolóxicos cos danos que producen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. O relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Comprender o relevo como a interacción da dinámica interna e externa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.4.1. Interpreta o relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Determinar os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais, e valorar os factores que inflúen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.5.1. Identifica os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais, e comprende os factores que interveñen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos. ▪ B5.9. Impactos máis frecuentes na paisaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Recoñecer a fragilidade da paisaxe fronte aos impactos ambientais e valorar a ordenación do territorio como prevención de riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.6.1. Valora a ordenación do territorio como método de prevención de riscos. ▪ CTMAB5.6.2. Avalía a fragilidade da paisaxe e os impactos máis frecuentes que sofre.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Recursos da xeosfera: problemas ambientais ocasionados pola súa explotación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Recoñecer os recursos minerais, os combustibles fósiles e os impactos derivados do seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.7.1. Relaciona a utilización dos principais recursos minerais e enerxéticos cos problemas ambientais ocasionados e cos riscos asociados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.11. Impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Identifica os impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.8.1. Coñece os principais impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera no seu contorno máis próximo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.12. Uso eficiente da enerxía e dos recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Identificar medidas de uso eficiente da enerxía e dos recursos, determinando os seus beneficios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.9.1. Valora o uso eficiente da enerxía e dos recursos. ▪ ▪ CTMAB5.9.2. Avalía as medidas que promoven un uso eficiente da enerxía e dos recursos.
<p>Bloque 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Circulación de materia e enerxía na biosfera. ▪ B6.2. Relacións tróficas nos ecosistemas, cadeas e redes tróficas. Representacións gráficas. ▪ B6.3. Factores limitantes da produción primaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer as relacións tróficas dos ecosistemas, valorando a influencia dos factores limitantes da produción primaria e daqueles que aumentan a súa rendibilidade. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.1.1. Identifica os factores limitantes da produción primaria e aqueles que aumentan a súa rendibilidade. ▪ ▪ CTMAB6.1.2. Esquematiza as relacións tróficas dun ecosistema. ▪ ▪ CTMAB6.1.3. Interpreta gráficos, pirámides, cadeas e redes tróficas. ▪ CTMAB6.1.4. Explica as causas

			da diferenza de produtividade en mares e continentes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Ciclos bioxeoquímicos do osíxeno, o carbono, o nitróxeno, o fósforo e o xofre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comprender a circulación de bioelementos (sobre todo O, C, N, P e S) entre os subsistemas terrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.2.1. Esquematiza os ciclos bioxeoquímicos e argumenta a importancia do seu equilibrio.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Os ecosistemas no tempo: sucesión, autorregulación e regresión. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Comprender os cambios que se suceden nos ecosistemas ao longo do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.3.1. Identifica os cambios que se producen nas sucesións ecolóxicas e interpreta a variación dos parámetros tróficos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Autorregulación dos ecosistemas e repercusión da acción humana sobre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Comprender os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas e valorar a repercusión da acción humana sobre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.4.1. Coñece os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas. ▪ CTMAB6.4.2. Argumenta e relaciona as actividades humanas coas repercusións na dinámica dos ecosistemas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Concepto de biodiversidade. ▪ B6.8. Causas e repercusións da perda da biodiversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Distinguir a importancia da biodiversidade e recoñecer as actividades que teñen efectos negativos sobre ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.5.1. Argumenta a importancia da biodiversidade e os riscos que supón a súa diminución. ▪ ▪ CTMAB6.5.2. Relaciona as accións humanas coa súa influencia na biodiversidade do ecosistema.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. O solo como interfase. ▪ B6.10. Edafoxénese e tipos de solos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Identificar os tipos de solo, en relación coa litoloxía e o clima que os orixinou. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.6.1. Clasifica os tipos de solo en relación coa litoloxía e o clima que os orixina.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.11. Usos e fragilidade do solo como recurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Valorar o solo como recurso fráxil e escaso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.7.1. Valora o solo como recurso fráxil e escaso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.12. Impactos sobre o solo. Técnicas de valoración do grao de alteración dun solo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Coñecer técnicas de valoración do grao de alteración dun solo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.8.1. Identifica o grao de alteración dun solo aplicando distintas técnicas de valoración.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.13. Impactos sobre a biosfera producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Analizar os problemas ambientais producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.9.1. Analiza os problemas ambientais producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.14. O sistema litoral como interfase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Comprender as características do sistema litoral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.10.1. Coñece as características dos sistema litoral.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.15. Importancia ecolóxica dos recursos do sistema litoral, impactos derivados da súa sobreexplotación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.11. Analizar e valorar a evolución dos recursos pesqueiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.11.1. Valora o sistema litoral como fonte de recursos e biodiversidade. ▪ ▪ CTMAB6.11.2. Relaciona a sobreexplotación dos recursos pesqueiros con impactos nas zonas litorais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.16. Importancia da conservación das zonas litorais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.12. Valorar a conservación das zonas litorais polo seu 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.12.1. Establece a importancia da conservación das

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 		elevado valor ecolóxico.	zonas litorais.
Bloque 7. A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Xestión dos impactos ambientais; alternativas ante a problemática ambiental: desenvolvemento incontrolado, conservacionismo e desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Establecer diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.1.1. Distingue modelos de uso dos recursos e deseña outros sustentables. ▪ CTMAB7.1.2. Argumenta as diferenzas entre o desenvolvemento incontrolado, o conservacionismo e o desenvolvemento sustentable.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Avaliación do impacto ambiental. ▪ B7.3. Instrumentos de xestión ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Coñecer algúns instrumentos de avaliación ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.2.1. Analiza a información facilitada por algúns instrumentos de avaliación ambiental, e conclúe impactos e medidas correctoras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Relación entre desenvolvemento, calidade de vida e problemas ambientais no ámbito internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Identificar a relación, a nivel internacional, entre o desenvolvemento dos países, a calidade de vida e os problemas ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.3.1. Analiza o desenvolvemento dos países en relación con problemas ambientais e coa calidade de vida.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Modelos de xestión de recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Determinar a orixe dos residuos, as consecuencias da súa produción e do seu consumo, e as alternativas á súa xestión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.4.1. Relaciona o consumo dalgúns produtos e a deterioración do medio. ▪ ▪ CTMAB7.4.2. Expón políticas ambientais adecuadas á defensa do medio. ▪ CTMAB7.4.3. Argumenta a orixe dos residuos valorando a súa xestión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Avaliación do impacto ambiental. ▪ B7.3. Instrumentos de xestión ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Valorar a importancia do uso de novas tecnoloxías nos estudos ambientais e interpretar matrices sinxelas para a ordenación do territorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.5.1. Comprende e explica a importancia do uso de novas tecnoloxías nos estudos ambientais. ▪ CTMAB7.5.2. Analiza a información de matrices sinxelas, valorando o uso do territorio.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.6. Influencia dos organismos nacionais e internacionais en materia ambiental. ▪ B7.7. Lexislación ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.6. Coñecer os principais organismos nacionais e internacionais en materia ambiental, e a lexislación estatal e autonómica sobre algúns impactos ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.6.1. Coñece e explica os principais organismos nacionais e internacionais, e a súa influencia en materia ambiental. ▪ CTMAB7.6.2. Coñece a lexislación española e galega sobre algúns impactos ambientais e as normas de prevención aplicables.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.8. Protección dos espazos naturais. ▪ B7.9. Espazos naturais en España e, en particular, en Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.7. Valorar a protección dos espazos naturais. ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB7.7.1. Argumenta a necesidade de protección dos espazos naturais e as súas consecuencias; en particular, os do seu contorno máis próximo.

7.8.3 Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave. Materiais e recursos didácticos.

Ademáis da exposición da profesora, facilitarase o debate na clase sobre todo nos temas máis polémicos (riscos, utilización dos recursos, impactos ambientais,...). Tamén se tratará de que os estudantes manifesten as súas ideas previas sobre algúns conceptos difíciles de comprender e sobre os que con frecuencia teñen ideas erróneas.

Traballarase ademáis do libro de texto cos resúmenes dos distintos temas entregados pola profesora fotocopiados e que desenvolven os contidos mínimos esixidos nas probas de selectividade.

Materiais e recursos didácticos

- Libro de texto
- Resúmenes realizados pola profesora, que se lle entregarán ó alumando fotocopiados.
- Artículos e noticias de prensa e revistas.
- Vídeos.
- Mapas.
- Charlas de expertos.
- Fontes de información ambiental: os SIG, o GPS e a teledetección.
- Elaboración de esquemas que mostren os compoñentes dun sistema de teledetección.
- Representación, debuxo esquemático representacións gráficas, Establecemento dunha relación coherente entre os mapas.
- Imaxes como fonte de datos: Satélites meteorolóxicos, a fotografía aérea e a radiometría. Interpretación de imaxes enviadas por satélite.
- Elaboración de esquemas conceptuais no que se relacionen diversos procesos.

Temas transversais

En cada Unidade tenderánse presentes os seguintes temas transversais:

- Educación ambiental que é intrínseca nesta materia, estando presente en todas as unidades didácticas.
- Educación moral e cívica. O alumnado comprenderá, coñecerá e valorará a importancia do cumprimento das lexis existentes no país. Por exemplo, as relativas á Vida Silvestre ou á Protección da Flora e a Fauna. Ademáis, aprenderá a criticar actitudes que supoñan un despilfarro ou supoñan unha exposición a un determinado risco, valorando a necesidade da

adopción dunha serie de medidas persoais, sociais o políticas para lograr un entorno máis seguro e saúdale.

- Educación para a saúde. Estúdiase en varios apartados, sobre todo nos referidos á contaminación da auga, aire ou solo e ó estudar as consecuencias dos riscos de tipo tecnolóxico o os naturais
- Educación para o consumo. Trátase reiteradamente. Por exemplo: análise da maior eficiencia enerxética conseguida cunha alimentación predominante do primer nivel trófico, sirve para que o alumnado reflexione sobre os problemas ecolóxicos derivados de una dieta maioritariamente carnívora; nalgunha actividade planteaxada para informar ó consumidor sobre a existencia de costes ocultos, ou despilfarro, implicado no consumo de determinados produtos ou recursos enerxéticos. Ademais, ensálzase o valor das ecoetiquetas para o fomento dun consumo responsable.
- Educación para a paz e a igualdade de oportunidades. Por exemplo ó analizar e criticar o feito de que existan diferencias Norte/Sur tan marcadas, o feito de que o patrimonio xenético do Sur está sendo comercializado polo Norte, o papel da muller, a igualdade entre os sexos, a pobreza, etc.
- Educación vial. Ó longo do curso académico introducíranse nas actividades, sempre que sexa posible, preguntas relativas a fomentar actitudes que eviten o elevado número de accidentes mortais que padecen os xoves, como consecuencia da conducción temeraria ou o consumo de drogas e alcohol, durante os fines de semana. Pensamos que será un momento moi adecuado á hora de abordar o tema dos denominados riscos tecnolóxicos ou culturais.
- Interculturalidad. Propondránse actividades encamiñadas a valorar as relación coste-beneficio implicadas nas diferentes costumes e relixión dos distintos países. Por exemplo: os mitos da "vaca sagrada" e "o cerdo abominable".

7.8.4 Atención a diversidade

Non todo os estudantes están dotados das mesmas capacidades, nin posúen o mesmo ritmo de aprendizaxe, nin as mesmas motivacións e circunstancias persoais polo que se fan necesarias as debidas adaptacións curriculares.

As adaptacións curriculares consistirán na adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características concretas dos/as estudantes.

Deseñaranse actividades con distinto grao de dificultade e complexidade.

Outra vía de atención á diversidade serán as actividades complementarias e voluntarias.

As actividades complementarias pretenden servir de axuda, reforzo ou recuperación.

As actividades voluntarias ofrecen ós alumnos e ás alumnas un espazo de opcionalidade para realizar traballos de ampliación sobre temas polos que están máis interesados ou motivados.

7.8.5 Procedemento para a avaliación inicial [e, de desenvolverse na normativa, a acreditación de coñecementos previos (BAC)].

Como actividades de **detección de coñecementos previos** suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectada
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas coa lingua propia do alumnado.

7.8.6 Procedemento de avaliación continua.

Actividades de tipo conceptual.

Actividades que resalten os aspectos de tipo metodolóxico.

Actividades onde se resalten a conexión entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente.

En canto ao «formato» das actividades, pódense utilizar as seguintes:

- Actividades de composición.
- Actividades de libro aberto.
- Actividades orais.
 - Rúbricas.
 - Probas obxectivas tipo test.
 - Probas obxectivas escritas: cuestións nas que hai que xustificar as respostas ou/e resolución de exercicios e problemas.
 - Traballos de investigación, caderno de laboratorio, caderno de clase, rúbricas, dianas, etc.

Cada instrumento de avaliación debe ter distinto peso á hora da cualificación final

- Uso de diversas ferramentas de avaliación
- Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe
- Atención á diversidade
- Interdisciplinariade
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

Ferramenta de avaliación	Porcentaxe na Avaliación
Ferramentas de avaliación do traballo competencial. Probas escritas.	90%
Ferramentas de avaliación do traballo competencial: tarefas, traballos de aplicación, libreta de actividades, informe de prácticas ...	10%
CUALIFICACIÓN GLOBAL:	100%

- Probas escritas: Realizase unha proba escrita ao remate de cada dúas ou tres UD, adecuándose a carga conceptual de cada unha delas e a capacidade de asimilación do alumnado. Faranse dúas ao longo da avaliación que se calificarán sobre 9 puntos.
- Cando un alumno falta ao 1º parcial da avaliación, xustificadamente ou non, fará o examen deses parte co segundo parcial.
 - A nota das probas escritas será a media aritmética das probas efectuadas en cada avaliación, previa ponderación, no caso de que as probas non teñan a mesma carga conceptual, tendo en conta que o alumno deberá ter unha nota mínima de 3,5 en cada proba. Os alumnos poderán conseguir, adicionalmente, ata 2 puntos máis pola presentación de traballos.
 - O traballo de clase, a actitude, a participación... suporán ata 1 punto na nota, poderá valorarse como positiva ou como negativa.
 - Realizase unha recuperación o finalizar cada avaliación. O alumno que teña a avaliación suspensa, terá que recuperar a totalidade da materia de dita avaliación.
 - Nas probas escritas si o alumno fai trampas, como levar notas o copiar polo teléfono móbil,...suporá un suspenso na avaliación e si se produce nas convocatorias de xuño ou setembro suporá un suspenso na materia.

7.8.7 Procedemento de avaliación extraordinaria (ESO e BAC)

Bloque 1. Medio ambiente e fontes de información ambiental

1. Definir os conceptos de medio e sistema.
2. Comprender a necesidade de construír modelos para explicarnos a realidade e realizar simulacións para predicir acontecementos.
3. Explicar en que consiste un sistema pechado, un sistema aberto e un sistema cibernético, citando exemplos de cada un deles.
4. Entender o planeta Terra como un gran sistema aberto integrado por varios subsistemas que interaccionan entre si, comprendendo a interdependencia absoluta entre os elementos vivos e non vivos.
5. Clasificar e describir os recursos do planeta.
6. Coñecer o significado dos termos impacto e risco.
7. Describir as fontes de información ambiental: sistemas de información xeográfica (SIG), o GPS e teledetección.
8. Coñecer a utilidade da análise de imaxes para obter datos de interese ambiental.

Bloque 2. Dinámica dos sistemas fluídos

1. Coñecer a composición, a estrutura e a dinámica da atmosfera, a súa importancia nos climas e no equilibrio global do planeta; e a súa misión na captación, repartición e reflexo da enerxía solar.
2. Coñecer as diferenzas entre tempo atmosférico e clima e describir os aspectos máis importantes da dinámica vertical e a dinámica horizontal da atmosfera.
3. Describir a importancia da atmosfera como recurso enerxético.
4. Comprender e explicar o ciclo hidrolóxico.

5. Coñecer as características e a dinámica global das augas oceánicas, explicando a súa relación coa dinámica atmosférica e o clima.
6. Describir os diferentes depósitos de auga continental e explicar as características e o funcionamento dinámico dalgúns deles (augas subterráneas, lagos e humidais). 1. Explicar os mecanismos do modelado litoral.
7. Explicar as formas que orixina a dinámica litoral.
8. Coñecer as características dos humidais costeiros e a súa importancia ecolóxica.
9. Coñecer as características e a importancia ecolóxica dos manglares e dos arrecifes.
10. Explicar os riscos relacionados coa dinámica litoral.

Bloque 3. Contaminación atmosférica

1. Identificar os tipos de contaminantes atmosféricos e as súas traxectorias, e coñecer os efectos da contaminación do aire en distintos medios.
3. Sinalar algunhas variables que condicionan a capacidade da atmosfera para difundir.
4. Recoñecer o ruído e as fontes de iluminación nocturnas como axentes contaminantes, coñecer os efectos que producen nas persoas e explicar as estratexias da loita contra estes tipos de contaminación.
5. Coñecer e explicar a causa e as consecuencias do burato da capa de ozono, a chuvia ácida e o efecto invernadoiro, indicando solucións para evitar a súa existencia e os seus efectos.

Bloque 4. Contaminación das augas

1. Comprender a relación que existe entre os recursos hídricos naturais e a dispoñibilidade de auga, tomando conciencia das diferenzas que se dan a este respecto, entre diversas zonas do mundo e entre diversas rexións de España.
2. Coñecer os usos da auga, consuntivos e non consuntivos, considerando as súas limitacións.
3. Coñecer a enerxía do mar e da enerxía hidráulica, e analizar, a distintos niveis, a súa utilidade potencial.
4. Coñecer as causas e os efectos sobre a saúde humana e sobre o medio natural, da contaminación das augas continentais e oceánicas.
5. Coñecer os efectos xerais da contaminación sobre as augas fluviais, as augas subterráneas, os mares e océanos e as augas estancadas.
6. Coñecer as causas e os efectos sobre o medio natural dos impactos debidos ás obras hidráulicas.
7. Describir diferentes sistemas de tratamento e depuración das augas, comprendendo as bases en que se asentán.
8. Investigar a calidade da auga, coñecendo parámetros físicos, químicos e biolóxicos, e elaborar conclusións sobre o grao de adecuación aos diferentes usos.
9. Comprender a necesidade de xestionar a auga, facendo énfase na importancia de regular a demanda e de fomentar as medidas de aforro.

Bloque 5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos

1. Coñecer a estrutura e a composición das distintas capas da xeosfera.
2. Sintetizar os principios da teoría da tectónica de placas.
3. Describir os fenómenos sísmicos, a súa orixe e as ondas que se producen neles.
4. Coñecer a natureza dos riscos sísmicos e as medidas de prevención da súa acción, así como os métodos para detectar o seu inicio.

5. Explicar o concepto de magma e a súa orixe, a súa evolución e a súa cristalización en relación coas rochas magmáticas existentes na superficie terrestre.
6. Interpretar os volcáns como unha percepción dos fenómenos magmáticos.
7. Coñecer os riscos existentes nas zonas volcánicas, os métodos de detección de vulcanismo e as medidas de prevención dos seus impactos.
8. Comprender o concepto de metamorfismo, os factores que o motivan, os seus tipos e a relación coas rochas metamórficas.
9. Coñecer o proceso de meteorización.
10. Comprender a dinámica dos procesos gravitacionais, periglaciares e glaciares.
11. Identificar e explicar a dinámica dos procesos fluviais e kársticos.
12. Coñecer a dinámica dos procesos eólicos.
13. Describir os procesos diaxenéticos.
14. Coñecer os riscos asociados coa dinámica hidrosférica e as súas consecuencias, e sinalar medidas de protección con respecto a eles.
15. Describir os principais movementos das abas, os factores que os condicionan, e os efectos que estes movementos teñen sobre a topografía dunha zona.
16. Recoñecer as características das formacións xeolóxicas do subsolo potencialmente causantes de riscos e cales son estes.
17. Describir e clasificar os principais depósitos minerais.
18. Recoñecer como afectan as explotacións mineiras ao medio, e que medidas correctoras e preventivas se poden tomar para reducir os impactos negativos que producen.
19. Desenvolver o concepto de recurso enerxético e recoñecer os distintos tipos de enerxías.
20. Coñecer as formas de enerxía máis utilizadas pola humanidade, os seus tipos, as súas vantaxes e inconvenientes, o seu mantemento futuro e o impacto ambiental que pode provocar o seu uso.
21. Recoñecer algunhas solucións para os problemas xerados polo uso das enerxías non renovables.

Bloque 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera

